


A map of Galicia, Spain, showing a network of rivers and urban areas. The rivers are depicted as thick, dark blue lines, while the urban areas are shown as clusters of small, dark blue dots. The background is a light blue-grey color.

SUSTENTABILIDADE TERRITORIAL

PLAN DE SEGUIMENTO DAS DOT

MEMORIA AO PARLAMENTO

XUNTA
DE GALICIA

2015

1	Antecedentes	3	4.2.3	Patrimonio natural	24
1.1	Marco legal. Obxecto da memoria	3	4.2.4	Patrimonio cultural	27
1.2	O Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.	3	4.2.5	Sociedade e economía.....	27
2	Obxectivos do plan de seguimento.....	4	4.2.6	Metabolismo	33
3	Metodoloxía do plan de seguimento.....	4	4.2.7	Mobilidade	34
3.1	Órganos e procesos.	4	4.3	Cómo percibe a cidadanía o desenvolvemento?	35
3.1.1	Órganos	4	5	Conclusión	37
3.1.2	Procesos.....	5	Anexo 1.	Informe do Plan de seguimento das directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial	39
3.2	Ferramentas	5	Anexo 2.	Decreto 156/2012, do 12 de xullo, polo que se crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia	41
3.2.1	Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)	6	Anexo 3.	Decreto 176/2013, do 21 de novembro de, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial	47
3.2.2	Indicadores de sustentabilidade territorial (IST)	6	Índice de ilustracións	59	
3.2.3	Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)	7	Índice de táboas	59	
4	Resultados	8			
4.1	Facemos o que establecen as DOT?	8			
4.1.1	Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa	14			
4.1.2	Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio: 14				
4.1.3	Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio:	15			
4.1.4	Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial: 15				
4.1.5	Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural: 16				
4.1.6	Protexer o patrimonio natural e cultural:	16			
4.1.7	Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental:	18			
4.1.8	Afianzar o protagonismo exterior de Galicia:	19			
4.2	É eficaz cara a sustentabilidade?.....	21			
4.2.1	Ocupación do territorio (OC)	21			
4.2.2	Paisaxe	24			

RESUMO

A presente memoria elabórase en virtude do artigo 11 da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, o cal prevé que o Parlamento de Galicia sexa informado anualmente sobre o estado das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT). Coa aprobación do procedemento para o seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (Decreto 176/2013) iniciouse a tarefa de avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos de sustentabilidade enunciados nas directrices. No ano 2014 remitiuse ao Parlamento de Galicia a primeira memoria relativa ao estado de desenvolvemento das DOT, que se actualiza coa presente memoria. Esta memoria pretende dar resposta a tres cuestións: (i) o grao de cumprimento das DOT, (ii) os efectos das determinacións das DOT e (iii) a percepción da cidadanía sobre os dous aspectos anteriores.

Como resposta á primeira cuestión pode afirmarse que, dende a última memoria sobre o estado de desenvolvemento das DOT, aprobáronse 12 novos PXOMs adaptados a estas directrices, o que supón un incremento do 133 % no número de plans adaptados e unha taxa anual de aprobacións que duplica a da memoria anterior. Deste xeito, á data desta memoria, 191 PXOMs están adaptados aos criterios de sustentabilidade das DOT ou en proceso de adaptación, o que supón o 60 % os concellos galegos, o 63 % da poboación de Galicia e abrangue máis de dúas terceiras partes da superficie de Galicia.

O Proxecto de lei do solo de Galicia, en fase parlamentaria, pretende axilizar a tarefa de adaptar o planeamento municipal á normativa urbanística e territorial, en particular aos 175 concellos que aínda non contan con planeamento adaptado ou a aqueles que precisen revisalo. A adaptación do planeamento ás DOT debe reflectirse nunha maior eficiencia no consumo do solo a través da contención de novos desenvolvementos urbanísticos, así como da compactación e consolidación das tramas urbanas.

No eido da ordenación territorial, os mandatos das DOT vense atendidos mediante a elaboración de plans territoriais integrados (PTI), programas coordinados de actuación (PCA) ou plans sectoriais (PS): na actualidade están en elaboración o Plan forestal de Galicia como PCA, o PTI da bacía hidrográfica do río Eume, o Plan Director de acuicultura litoral (PS), o Plan sectorial de actividades extractivas e o Plan sectorial da rede viaria de Lugo. Están xa aprobados o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (PTI), o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais, o Plan sectorial de xestión dos residuos, o Plan sectorial da rede viaria de Ourense e o Plan de infraestruturas de telecomunicacións.

Os efectos das determinacións das DOT e a súa eficacia na consecución dunha maior sustentabilidade territorial avalíouse a través de 42 indicadores (10 máis que no informe anterior) estruturados en sete bloques: ocupación do territorio, paisaxe, patrimonio natural, patrimonio cultural, sociedade e economía, metabolismo e mobilidade.

En canto á ocupación do territorio, os datos indican un lixeiro incremento nos usos de dinámica natural entre os anos 2005 e 2011, os cales representan actualmente o 46 % da superficie galega, estando outro 46 % do territorio asociado ao sistema agroforestal e o 8 % restante ao solo artificial. Isto reflicte un territorio galego “humanizado”, vinculado a un sistema agroforestal de alto valor ecolóxico e cultural.

En desenvolvemento do Convenio Europeo da Paisaxe e da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia, estase rematando o Catálogo das Paisaxes de Galicia. Para a elaboración deste Catálogo levouse a cabo un completo proceso de participación pública ao que se convidaron a 1.171 axentes vinculados á xestión da paisaxe e no que participaron de xeito presencial 377 persoas e 584 vía web. Como resultado deste proceso os cidadáns sinalaron un total de 2.096 lugares de interese paisaxístico en toda Galicia, 407 áreas degradadas e 995 valores paisaxísticos.

No que se refire ao patrimonio natural, a superficie de espazos naturais protexidos incrementouse nun 4% entre os anos 2012 e 2013, contando actualmente o 25 % do territorio galego con algunha figura de protección. A isto hai que engadir que a superficie de interese para a conectividade ecolóxica aumentou en case 100 ha no ámbito litoral, derivado dos PXOMs adaptados ao POL. Por outra banda, entre 2011 e 2013 a superficie incendiada e o número de incendios reducíronse nun 53 % e un 43 % respectivamente.

O conxunto de datos analizados nos indicadores sobre patrimonio cultural, relativos ao incremento do número de BICs declarados (44 novos BICs entre 2012 e 2013), ao número total de BICs (697), ao número de actuacións para conservación ou rehabilitación dos bens (83 actuacións directas da Administración e case sete mil autorizacións) ou aos conxuntos históricos con plan especial de protección (56 % do total), sinalan que as determinacións marcadas polas DOT estanse a cumprir.

No eido da socioeconomía os datos relativos á poboación, tanto en variación como en crecemento vexetativo, poñen de manifesto o coñecido problema demográfico que ten Galicia e que se agudiza nas zonas menos poboadas do espazo rural. Estratexias como o desenvolvemento das novas tecnoloxías da telecomunicación, que se evidencia no incremento tanto da porcentaxe de poboación como de núcleos con acceso a banda larga (no período 2012-2013 incrementouse un 10 % a poboación con acceso a banda larga ata acadar o 97 % da poboación e aumentaron case un 20 % os núcleos con esta infraestrutura ata superar o 90 % dos mesmos) ou iniciativas para frear o despoboamento rural e dinamizar o sector primario, como a Lei de mellora da estrutura territorial agraria ou o Banco de terras de Galicia (que se reflicten nun incremento do 13 % da superficie arrendada entre 1999 e 2009) contribúen a conter este desequilibrio territorial.

En canto á autosuficiencia de fluxos metabólicos, pode destacarse a redución da xeración de residuos urbanos nun 4 % dende a aprobación das DOT, o mantemento dos resultados da recollida selectiva e o incremento da accesibilidade da poboación aos puntos limpos, que se reflicte nun incremento do 11 % da poboación que con-

ta con este servizo entre 2011 e 2013 ata acadar o 82 % da poboación neste último ano. Tamén é notable a mellora da calidade das augas de baño, aumentando as de cualificación ‘excelente’ ou ‘boa’ nun 3 % entre os anos 2011 e 2013 ata representar o 86 % do total.

Na década anterior á aprobación das DOT (2001-2011), os indicadores amosan unha redución da demanda de transporte (5 %) pero un incremento (8 %) do uso do vehículo privado. A posta en marcha en 2011 do Plan de Transporte Metropolitano poderá axudar á consecución do obxectivo das DOT vinculado á mellora e sustentabilidade da mobilidade.

Finalmente, a percepción da cidadanía sobre estas cuestións abordouse mediante a implementación da Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística realizada polo IGE e da que se terán os resultados no ano 2016.

1 Antecedentes

1.1 Marco legal. Obxecto da memoria

A presente memoria elabórase en virtude do artigo 11 da Lei de ordenación do territorio de Galicia¹, o cal prevé que o Parlamento de Galicia sexa informado, anualmente, do **estado das directrices de ordenación do territorio**, en adiante DOT.

A mesma lei, no artigo anterior, estableceu que o Consello da Xunta, por Decreto, determinaría o procedemento que regulase **o seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das directrices de ordenación do territorio**.

O Consello da Xunta, aprobou o Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.

No ano 2014 remitiuse ao Parlamento de Galicia a primeira memoria relativa ao estado de desenvolvemento das DOT, que incorporaba o informe comprensivo dos obxectivos, metodoloxía e resultados deste proceso, o cal foi aprobado pola Comisión de Seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia².

Coa presente memoria cúmprese dito mandato para o ano 2015, e acompáñase do informe do Plan de seguimento actualizado, de xeito que o achegamento poda facerse dun xeito resumido ou pormenorizado.

1.2 O Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.

Coa aprobación do procedemento para o seguimento das directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, iniciouse a tarefa de avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos de sustentabilidade enunciados nas DOT e polo tanto, coñecer se o rumbo das políticas implementadas é concorrente con estes obxectivos.

O modelo territorial definido prevé o seu desenvolvemento mediante a planificación en “cascada” que dará concreción, polo que o plan de seguimento das DOT integra o seguimento de todos os instrumentos que a desenvolven.

¹ Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

² Decreto 156/2012, do 12 de xullo, polo que se crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

2 Obxectivos do plan de seguimento

O modelo territorial definido polas DOT leva implícito realizar un constante seguimento do cumprimento dos obxectivos dos instrumentos que as desenvolven a través da evolución do estado das variables e elementos considerados estratéxicos no proceso de avaliación ambiental estratéxica.

Neste senso, a función do plan de seguimento das determinacións e obxectivos das DOT responde ás seguintes necesidades obxectivas:

- Valorar o grao de cumprimento, é dicir, se facemos o que se establece nas DOT?
- Valorar os efectos das determinacións das DOT, é dicir, é eficaz cara a sustentabilidade?
- Coñecer a percepción da cidadanía, ou cómo percibe a cidadanía ese desenvolvemento.

O sistema de indicadores contempla unha dobre avaliación do cumprimento dos obxectivos das DOT; por unha banda, a que se refire ao desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio que nela se citan, e pola outra, a que mide a evolución das variables de sustentabilidade mediante un conxunto de indicadores.

De xeito análogo ao sistema de indicadores, e para dar resposta a terceira das necesidades formuladas, deseñouse un instrumento para coñecer a percepción da cidadanía sobre os efectos dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo na calidade de vida; para o cal se propuxo a realización dunha enquisa.

3 Metodoloxía do plan de seguimento.

3.1 Órganos e procesos.

A consellería competente en materia de ordenación do territorio é a responsable³ de levar a cabo o seguimento das DOT segundo indica a lei de ordenación do territorio.

A estes efectos, aproba o Decreto 156/2012, do 12 de xullo, que crea a **Comisión de Seguimento das DOT** como órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que será a responsable de desenvolver e adaptar o sistema seguimento dos obxectivos e determinacións das DOT.

O mesmo decreto que crea dita comisión, establece que o plan de seguimento que se defina será a base da memoria que anualmente se presentará ao Parlamento⁴.

3.1.1 Órganos

Dependentes dela, os **Grupos Técnicos de traballo (GTT)**, propoñen e validan os indicadores que se elaboran.

Nos GTT están representados o órgano ambiental da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o órgano competente en materia de estatística, a consellería con competencias na materia de que se trate e o Instituto de Estudos do Territorio, organismo que desenvolve as labores de apoio, análise e coordinación técnica do traballo nos diferentes GTT. Os departamentos con competencias en ordenación do territorio e administración local están invitados en todos eles.

Están constituídos dezasete grupos de traballo (Táboa 1), que propoñen indicadores para incorporar e desenvolver ao Plan de seguimento, e no seu caso, aportan ou aproban as fontes de información a empregar.

³ Artigo 10.2 da Lei 10/1995, do 23 de novembro

⁴ Preámbulo do Decreto 156/2012, do 12 de xullo: Ver Anexo I de esta memoria

Táboa 1 Grupos técnicos de traballo

GTT	DEPARTAMENTO
GTT01	Instituto Galego de Estatística (IGE)
GTT02	D.X. Patrimonio Cultural
GTT03	S.X. Turismo
GTT04	D.X. Formación e Colocación
GTT05	S.X. do Mar
GTT06	S.X. de Medio Rural e Montes
GTT07	D.X. Industria, Enerxía e Minas Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
GTT08	Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
GTT09	Augas de Galicia Sanidade
GTT10	D.X. Conservación Natureza
GTT11	S.X. Calidade e Avaliación Ambiental
GTT12	D.X. de Emerxencias e Interior
GTT13	S.X. Ordenación do Territorio e Urbanismo
GTT14	Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)
GTT15	D.X. de Mobilidade
GTT16	Portos de Galicia Axencia Galega de Infraestruturas
GTT17	D.X. de Comercio

3.1.2 Procesos

Os GTT propoñen, consensúan, elaboran e validan os indicadores; a Comisión aproba o informe elaborado (Ilustración 1).




Ilustración 1. Esquema interrelacional entre órganos e procesos

Desenvólvese un sistema de traballo interdisciplinar e interdepartamental, mediante a constitución destes grupos técnicos de traballo, que analizan, propoñen e validan as ferramentas que constitúen o plan de seguimento.

A Comisión de Seguimento das DOT como órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, aproba o traballo desenvolvido que serve de base para elaborar a Memoria ao Parlamento de Galicia.

3.2 Ferramentas

O Plan de seguimento definiu tres ferramentas constitutivas do mesmo a partir do Informe de Sostenibilidade ambiental e a Memoria ambiental das DOT (Ilustración 2):




Ilustración 2. Esquema interrelacional entre órganos e procesos

No informe do PSST recóllese o traballo desenvolvido para cada unha das ferramentas de xeito pormenorizado, incluíndo cada unha das fichas dos indicadores IDI e IST, así como a enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)

Nesta memoria faise unha síntese desas tres ferramentas, estruturadas nas tres cuestións ás que pretende dar resposta o Plan de seguimento: ¿facemos o que establecen as DOT?, ¿é eficaz cara a sustentabilidade? e ¿cómo percibe a cidadanía os efectos dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo?.

Calculáronse un total de 42 indicadores, entre IDI e IST, dos cales 27 son actualizacións dos implementados ao inicio do PSST e 15 definíronse ou incorporáronse por primeira vez.

3.2.1 Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

Os IDI miden o cumprimento das obrigas concretas establecidas polas DOT e por cada instrumento de ordenación do territorio que as desenvolve. É dicir, deben dar resposta aos compromisos que a Comunidade Autónoma se impón no desenvolvemento dos seus instrumentos de planificación territorial.

Non obstante, outras figuras como os plans directores ou as estratexias deseñadas e postas en marcha por distintas consellerías son igualmente instrumentos vinculados aos obxectivos das DOT, cunha clara finalidade de ordenación territorial que supoñen pasos intermedios ou previos aos recollidos nas DOT.

No decreto que regula o plan de seguimento, establécese que o número de indicadores pode ser ampliado con outros de análogas características, relativos a accións que as administracións públicas podan desenvolver, en virtude das súas competencias. Os indicadores utilizados neste informe resúmense na Táboa 2.

Táboa 2 Bloques dos IDI da memoria ambiental das DOT

BLOQUE	INDICADOR
ORDENACIÓN DO TERRITORIO (OT)	Número e porcentaxe de Plans territoriais integrados en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT.
	Número de Programas coordinados de actuación desenvolvidos.
	Número de Plans sectoriais en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT.
PLANEAMENTO (P)	Número de Plans xerais de ordenación municipal en elaboración e aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT.
	Porcentaxe de Plans xerais de ordenación municipal en coherencia coas determinacións das DOT.
	Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT.
	Transformación urbanística a través de instrumentos de planificación e/ou de ordenación.

As fichas que desenvolven estes indicadores xúntanse ao Informe do PSST (Anexo II).

3.2.2 Indicadores de sustentabilidade territorial (IST)

As variables de sustentabilidade identificadas no procedemento de avaliación ambiental das DOT reestrutúranse no PSST en distintos bloques nos que se agrupan os indicadores de xeito temático.

No modelo das DOT, a matriz biofísica de Galicia, composta por aqueles usos de dinámica natural ou antrópica, con función ambiental, é o soporte dos sistemas humanos, conformados polas variables sociais e económicas, que configuran e determinan o patrimonio cultural.

Estes tres elementos dos sistemas humanos (sociedade, economía e patrimonio cultural), organízanse atendendo a un modelo de ocupación do territorio establecido polos instrumentos de ordenación, que a súa vez determina e caracteriza o proceso de antropización do patrimonio natural.

Así, o modo no que son aproveitados e xestionados os recursos dese patrimonio natural (os fluxos de enerxía, auga-ciclo hídrico, outros materiais e a atmosfera) constitúe o metabolismo do sistema humano, mentres que os múltiples fluxos socioeconómicos posibles sintetízanse nas variables do bloque de mobilidade.

Finalmente, a **paisaxe**, como reflexo da sociedade, configúrase como elemento holístico e de síntese de todas as relacións e interaccións naturais e antrópicas.

A incorporación ao Plan de seguimento dos aspectos clave que é necesario valorar, analizando a consecuencia nos mesmos da implementación dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio, deu lugar aos sub-bloques nos que se clasifican os indicadores desenvolvidos.

A listaxe de bloques e sub-bloques, e a súa relación coas aspectos clave, reflíctese na Táboa 3.

Táboa 3 Bloques dos IST e variables das DOT

CLASIFICACIÓN NAS DOT				CLASIFICACIÓN NO PSST	
VARIABLES		ASPECTOS CLAVE		BLOQUE	SUBBLOQUE
OT	OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Cal. S.	Calidade do solo	OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Usos do solo
		Voc. A.	Vocacionalidade dos ámbitos		Distribución-Dispersión
		Ris. N. T.	Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos		Intensidade
					Usos do solo
					Riscos
PPNC	PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	Integ. P.	Integridade paisaxística	PAISAXE	Dinámica da paisaxe
					Valoración da paisaxe
					Xestión da paisaxe
		Frag. T.	Fragmentación do territorio	PATRIMONIO NATURAL	Naturalidade
		Consv.	Conservación do patrimonio natural e cultural		Naturalidade
					Biodiversidade
				Xestión	
		PATRIMONIO CULTURAL	Abundancia e diversidade		
			Valorización		
SE	SOCIOECONOMÍA	Comp. E.	Competitividade económica	SOCIEDADE E ECONOMÍA	Autosuficiencia
					Innovación
					Agricultura e gandería
					Pesca e acuicultura
					Aproveitamento forestal
					Solo empresarial
					Turismo
		Eq. D. E.	Equilibrio do desenvolvemento económico		Complexidade
					Emprego e formación
					Autosuficiencia
					Agricultura e gandería
					Pesca e acuicultura
					Aproveitamento forestal
					Solo empresarial
		Coh. S.	Cohesión social		Turismo
					Espectro social
					Poder adquisitivo
					Servizos
					Poder adquisitivo
Cal. V. P.	Calidade de vida da poboación	Servizos			

CLASIFICACIÓN NAS DOT				CLASIFICACIÓN NO PSST	
VARIABLES		ASPECTOS CLAVE		BLOQUE	SUBBLOQUE
		Gob.	Gobernanza		Emprego e formación
					Gobernanza
A	ATMOSFERA	Cal. Ai.	Calidade do aire	METABOLISMO	Atmosfera e cambio climático
CH	CICLO HÍDRICO	Cal. Au.	Calidade da auga		Ciclo hídrico
		Cons. R. H.	Consumo de recursos hídricos		
En	ENERXÍA	Cons. En.	Consumo enerxético		Enerxía
Re	CICLOS DE MATERIAIS	Xer. Re.	Xeración de residuos		Ciclos de materiais
CC	CAMBIO CLIMÁTICO	Em. GEI	Emisións de GEI	MOBILIDADE	Atmosfera e cambio climático
M	MOBILIDADE	Nec. M.	Necesidades de mobilidade		Situación global
		Eq.Rp.Modal	Equilibrio no reparto modal		Situación modo a modo

Para cada un destes bloques e sub-bloques definíronse indicadores que os relacionan coas variables e aspectos claves identificados nas DOT.

Partiuse dunha primeira proposta de indicadores recollida na Memoria ambiental das DOT, que foi completada con indicadores resultantes do traballo desenvolvido pola Comisión de seguimento e coa incorporación de indicadores derivados do POL. Este ano, de acordo co procedemento establecido implementáronse 15 novos indicadores.

No Informe do PSST, que se xunta a esta memoria, reflíctense estes indicadores así como as determinacións e obxectivos aos que atenden. (Anexo I e III do Informe).

3.2.3 Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)

A terceira das ferramentas implementadas no *Plan de seguimento* é a Enquisa de Percepción Territorial e Urbanística, como medio para coñecer a percepción da cidadanía sobre os efectos dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo na calidade de vida e do medio físico que habita.

No epígrafe 4.3 desta memoria refírense as características, orixe, procedemento de obtención e temporalidade.

4 Resultados

Nos anexos II e III do *Informe do Plan de seguimento das directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial*, atópanse descritos dun xeito pormenorizado cada un dos indicadores e as súas correspondentes medidas.

Neste epígrafe preténdese dar unha imaxe de conxunto da evolución dos instrumentos de planificación ou indicadores IDI e das políticas e actuacións despregadas para facer fronte aos obxectivos das DOT, así como do estado das variables de sustentabilidade a través dos indicadores IST.

4.1 Facemos o que establecen as DOT?

As **Directrices de Ordenación do Territorio** definen unha metodoloxía para o seu desenvolvemento baseada nunha planificación en “cascada” ou xerárquica, de xeito que os distintos instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo atopan distinto grao de concreción en función da escala e alcance territorial.

A análise destes instrumentos permite avaliar en que medida se está a levando a cabo a concreción do modelo proposto.

No primeiro nivel, **os plans territoriais integrados**, son instrumentos de ámbito supramunicipal, que desenvolven o modelo territorial das DOT coa finalidade de facer compatible o desenvolvemento e a defensa do medio natural e conseguir un crecemento equilibrado compatible coa mellora da calidade de vida dos habitantes.

Desde a aprobación das DOT, acometéronse dous plans desta natureza, o Plan de Ordenación do Litoral (POL), aprobado en febreiro de 2011 e o Plan Territorial Integrado (PTI) da bacía hidrográfica do río Eume, documento que ten previsto someterse ás consideracións das distintas entidades afectadas, no ano 2016.

Ambos planes abranguen case o 9% da superficie de Galicia e projectan o modelo das Directrices en territorios moi distintos (Ilustración 4); o primeiro ordena a singularidade do ámbito costeiro mentres que o PTI do Eume desenvólvese nun territorio eminentemente rural. Ambos plans abranguen total ou parcialmente 96 concellos (Ilustración 3) e a poboación que habita no ámbito destes planes representa máis do 55% da poboación de Galicia.




Ilustración 3. Porcentaxe de superficie no ámbito dun PTI



Ilustración 4. Ámbitos dos PTI

Estes instrumentos serán a base para a planificación urbanística e sectorial que opere neses territorios.

Os planes sectoriais son instrumentos de ámbito supramunicipal que desenvolven o modelo territorial das DOT e teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos. As propias DOT xa enuncian unha serie de Plans sectoriais a desenvolver.

En setembro de 2015 poden contabilizarse, aprobados segundo o modelo territorial das DOT ou en elaboración, 8 Plans sectoriais. Destes 8 plans, 4 están xa aprobados, mentres que os outros 4 atópanse en elaboración.

O alcance dos ámbitos territoriais destes plans sectoriais, que con carácter xeral é o da Comunidade Autónoma, varía en función da natureza ou sector ao que dan resposta, de xeito que algúns, como os Planes da rede viaria atenden a distintas provincias, o Plan Director de Acuicultura Litoral se estende no ámbito litoral ou outros, como o Plan de Ordenación de Áreas Empresariais, desenvólvense na totalidade da Comunidade (Ilustración 6).

Cómpre salientar a aprobación do **Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais de Galicia**, elaborado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, baixo os principios derivados das Directrices e desde unha análise ampla baseada no modelo territorial proposto.




Ilustración 5. Plans sectoriais aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración por concellos no ano 2015




Ilustración 6. Valores provinciais do número de concellos con algún plan sectorial segundo as determinacións das DOT no ano 2015

En ausencia de plan territorial integrado, as DOT son o marco de referencia para a elaboración do planeamento urbanístico municipal.

Os **PXOM** son instrumentos urbanísticos de ordenación que desenvolven as DOT á escala municipal. O plan de seguimento analiza o seu grao de implantación desde a data de aprobación das Directrices, en febreiro de 2011.

Os tres indicadores definidos co este obxectivo aportan datos en valor absoluto e en porcentaxe sobre os PXOM, e permiten coñecer a súa incidencia territorial.

No que se refire a estes instrumentos, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en colaboración cos Concellos, á data desta Memoria aprobou 21 PXOM en desenvolvemento das DOT. Con respecto ao anterior informe, aprobáronse doce novos

PXOM, o que supón un aumento do 133% no número de PXOMs adaptados ás DOT e duplica a taxa anual de aprobacións destes plans no período estudado (**Ilustracións 5**).

Deste xeito, á data desta memoria, 191 PXOMs están adaptados aos criterios de sustentabilidade que marcan as DOT ou en proceso de adaptación, o que supón o 60 % dos concellos, o 63 % da poboación galega e abrangue máis de dúas terceiras partes da superficie de Galicia.

Os seguintes gráficos e mapas reflicten o estado e a evolución do planeamento xeral en Galicia desagregado por provincias, municipios e sistema de asentamentos (**Ilustracións 4-7**).





Ilustración 7. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM en setembro de 2015



Estado do planeamento municipal

- Aprobado adaptado ás DOT
- En elaboración
- Non adaptado ás DOT





Ilustración 8. Estado do planeamento municipal en maio de 2013



Estado do planeamento municipal

- Aprobado adaptado ás DOT
- En elaboración
- Non adaptado ás DOT




Ilustración 9. Estado do planeamento municipal en setembro de 2015




Ilustración 10. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT e en elaboración. Setembro 2015




Ilustración 11. Valores provinciais en porcentaxe de PXOMs adaptados ás DOT e en elaboración. Setembro 2015

O último nivel de concreción do modelo das DOT acádano os instrumentos de planeamento de desenvolvemento no ámbito do urbanismo e os proxectos sectoriais no da ordenación do territorio. Estes instrumentos constitúen o paso previo inmediato ás operacións de transformación urbanística do solo segundo as determinacións de carácter xeral establecidas pola planificación de rango superior.

A análise territorial e tipolóxica do desenvolvemento urbanístico constitúe un dos aspectos avaliábles do fluxo de ocupación do solo, que deberá, no marco das DOT, garantir un desenvolvemento compatible coa defensa do medio natural na procura dun crecemento sostible e equilibrado nunha sociedade cada vez máis cohesionada.

Dende a aprobación das DOT ata o mes de setembro de 2015 aprobáronse 27 figuras de planeamento, territorial ou urbanístico, que supoñen a modificación da natureza urbanística dos terreos aos que afectan. Destas 27, 11 responden á figura de plans parciais, 10 son plans de sectorización e 9 son proxectos sectoriais.




Ilustración 12. Valores provinciais do número de concellos nos que se teñen aprobado planeamento de desenvolvemento adaptados ás DOT (2011-2015)

4.1.1 Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa

Para as DOT, a consecución do sistema de cidades “Galicia, cidade única” require lograr un adecuado equilibrio territorial. Para elo, é esencial planificar desde modelos de compacidade que reduzan a dispersión do poboamento galego e promover así a coherencia territorial entre infraestruturas, servizos, actividade e residencia.

Os instrumentos de planificación territorial e urbanística son a fórmula que, dun xeito directo, máis contribúe a dito obxectivo.

Desde a aprobación das DOT, téñense aprobados 4 instrumentos de escala territorial e natureza sectorial en desenvolvemento das DOT, como xa se indicou no apartado anterior.

Xunto aos documentos de planificación previstos nas leis de ordenación do territorio e do solo de Galicia, leváronse a cabo outras accións que apoian as estratexias que as DOT poñen de relevo neste eido, entre as cales poden destacarse: o **Rexistro de demandantes de solo empresarial**, que ten o obxectivo de avaliar a demanda como un dos factores da programación do plan sectorial; o **Rexistro de demandantes de vivenda protexida**, como medio para planificar as previsións do planeamento municipal e da inversión pública en vivenda social, así como o **Plan estratéxico de rehabilitación de Galicia 2014-2016 e o Plan Galego de Rehabilitación, Aluger e Mellora de Acceso a Vivenda 2015-2020 (Plan REHAVITA)**, ou o **Plan de vivenda de Galicia**, como apoio no desenvolvemento da determinación das DOT que establece dar prioridade á rehabilitacións do patrimonio construído sobre a construción de obra nova.

Asemade, o **Plan auga** responde á necesidade de xestionar os recursos hídricos para o consumo da poboación desde a perspectiva dun uso sustentable da auga que impida ou reduza a súa contaminación e garanta as necesidades de consumo.

Os PXOM son instrumentos urbanísticos de ordenación que desenvolven as DOT á escala municipal para planificar un desenvolvemento

harmónico das cidades e tamén do espazo rural. Desde febreiro de 2011 aprobáronse 21 PXOM en desenvolvemento das DOT e outros 170 están en elaboración. Este proceso de adaptación ás DOT, como xa se sinalou, implica ao 60% dos concellos, ao 63% da poboación galega e abrangue máis das dúas terceiras partes da superficie de Galicia.

Complementariamente, en desenvolvemento do POL aprobáronse 8 PXOM, o que representa preto do 11% da superficie do ámbito litoral e ao 20% da poboación residente nos concellos litorais.

Cómpre destacar neste apartado o Convenio marco de colaboración e cooperación entre a FEGAMP e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a coordinación e intercambio de información xeográfica e apoio á análise territorial e desenvolvemento de instrumentos urbanísticos. Baixo o amparo deste convenio recibíronse case 200 solicitudes de concellos, que foron cumprimentadas polo departamento de coordinación e información territorial.

4.1.2 Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio:

Un dos criterios básicos da sustentabilidade, segundo o establecido nas DOT é crecer desde o existente, respectando a súa singularidade e valorizando aqueles ámbitos, como o litoral, sometidos a presións de diversa natureza. **O Plan Territorial Integrado do litoral de Galicia (POL)** representa a resposta inequívoca a este criterio reitor.

En aplicación do POL elaborouse a **Guía de boas prácticas de Intervención en sistemas praia-duna**. Asemade, rematáronse, a **Guía de Estudos de impacto e integración paisaxística**, a **Guía para a intervención nos núcleos rurais**, a **Guía de criterios de sustentabilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral**, e está en elaboración a **Guía de integración paisaxística dos peches en Galicia**.

En materia de paisaxe, foron informados 2.374 expedientes, dos cales 1.314 emitíronse en aplicación do POL, 692 no procedemento

de avaliación de impacto ambiental, 316 en aplicación do previsto na avaliación ambiental estratéxica de plans e programas ou na Lei 7/2008, de paisaxe de Galicia, mentres que 52 responderon a outras normas.

Neste eido da valorización do territorio, a Axencia de Turismo de Galicia, engadiu ao **Plan integral de turismo de Galicia 2014-2016 o Plan Smart Turismo**, no eido do desenvolvemento das TIC asociadas ao turismo.

4.1.3 Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio:

Un dos elementos estratéxicos clave no modelo territorial das DOT son as infraestruturas como factor de cohesión social e competitividade dos territorios, enmarcadas en políticas impulsoras do transporte colectivo, que se teñen que conxugar coa ordenación espacial de ámbitos residenciais e económicos, de xeito que se minimice a necesidade de transporte e se dea preferencia a fórmulas de mobilidade alternativa.

A Xunta de Galicia, coa aprobación do **Plan de transporte metropolitano de Galicia** iniciou o camiño para mellorar a mobilidade e accesibilidade no contorno de todas as áreas metropolitanas e, polo tanto, para que os cidadáns dispoñan dun mellor servizo de transporte público colectivo. A activación deste plan nas áreas urbanas de A Coruña, Santiago e Ferrol desde o 2011, Lugo en 2012 e Vigo en 2015 pon os medios para este sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

De xeito complementario, tanto o **Plan director de mobilidade alternativa** ou o **Plan sectorial de aparcamentos disuasorios** son instrumentos que favorecerán modos máis sustentables de transporte nas áreas urbanas e tamén no rural, espazo ao que se estende o primeiro deles.

Dende a Axencia Galega de Infraestruturas aprobouse a Lei de estradas de Galicia, o **Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia** e atópase en elaboración o **Plan sectorial da rede viaria de Lugo e a súa área de influencia**. Desde

Portos de Galicia o **Plan director de Portos deportivos a partires do Plan estratéxico da Náutica Deportiva 2012-2020**.

Na actualidade completouse a vía de altas prestación Sarria-Monforte e está iniciado a licitación do tramo Domai-Meira do corredor do Morrazo.

As comunicacións na sociedade actual demandan unhas redes eficientes e de implantación xeneralizada para reducir os desequilibrios territoriais que redundan en menores posibilidades de desenvolvemento social e económico. Os avances normativos neste eido, coa **Lei de impulso e ordenación da das infraestruturas de telecomunicación** e o **Decreto 150/2014** que desenvolve a Lei e atende á determinación 4.6.7 das DOT, ou planes como o **Plan sectorial de infraestruturas de telecomunicacións**, **Plan Trabe** o **Proxecto Abalar** ou a **Axenda Dixital de Galicia 2020** son actuacións en liña co este obxectivo das DOT. Neste último ano, no seo do **Plan de banda larga 2020**, a cobertura de banda larga incrementou a porcentaxe de núcleos de poboación nos que o 80% da poboación ten acceso a cobertura de banda larga, ata acadar ao 90% dos núcleos co este nivel de cobertura.

4.1.4 Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial:

A cohesión territorial da nosa Comunidade require de medidas e accións que sexan quen de frear o despoboamento, garantindo un nivel de renda axeitado e unhas dotacións infraestruturais e de servizos para o rural galego. O despoboamento esixe políticas coordinadas inter e intra administrativas a todos os niveis.

Neste eido, o **Plan de desenvolvemento rural 2014-2020** substituíu ao do período 2010-2014 e desprega as dúas funcións de coordinación das diversas actuacións de desenvolvemento rural, coa fin de lograr unha política neste eido máis coherente e eficaz, tendo en conta o elevado peso económico e social do sector agrario no conxunto da economía galega, así como a dependencia da actividade agraria dunha ampla parte do espazo rural.

A **Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia** foi aprobada en xuño de 2015 para promover o aproveitamento sustentable da terra, reducindo o abandono con medidas como a identificación de zonas idóneas para a produción de cultivos, incentivos fiscais ou un réxime sancionador para as terras abandonadas.

Cartografar a aptitude do solo como base para unha planificación máis eficiente dos usos é un dos mandatos das DOT que poden contribuír a unha maior produtividade de medio rural e polo tanto a unha maior demanda de terras que free o abandono do rural. Con esta finalidade, e no primeiro nivel da planificación en “cascada” das DOT, o **Plan Territorial Integrado da bacía do río Eume**, que iniciará a tramitación no ano 2016, aportará a cartografía da potencialidade agroforestal da bacía que contribúa á mellor clasificación do solo polo planeamento urbanístico e ao mellor aproveitamento da produtividade do solo.

4.1.5 Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural:

A dinamización do medio rural é un dos obxectivos prioritarios e clave para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, que incidirá na mellora medioambiental e paisaxística do territorio. Obxectivos que formulan as DOT en desenvolvemento da Lei 45/2007, de desenvolvemento sostible do medio rural, na que se precisa a necesidade de adaptar as actuacións ás potencialidades de cada zona rural.

Desde unha perspectiva territorial faise preciso a posta en práctica de políticas específicas que consideren a diferente vocación produtiva de cada espazo rural e preserven o recurso do solo.

No contexto da **Estratexia Galega de Acuicultura**, marco para a ordenación e racionalización das actuacións da actividade acuícola, a Consellería do Mar elaborou o **Plan director de acuicultura litoral**, agora nas últimas fases de tramitación, incorporando os **obxectivos das DOT, as determinacións do Plan de ordenación do litoral** e a concepción integradora da paisaxe nun sector económico de primeira orde.

Outras accións deste departamento enmarcadas na potenciación do sector primario son a redacción dos planes de Ordenación dos Cultivos na zona marítima e na zona marítimo terrestre.

A Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes puxo en marcha o **Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia 2015 (PLADIGA)** como un dos factores que inciden na mellora do medio rural e do sector forestal, e que completan as accións levadas a cabo no eido do fomento de modelos de xestión forestal cooperativo, na ordenación forestal dos montes para a mellora da rendibilidade económica, ambiental e paisaxística ou na catalogación e inventariado dos montes

Pola súa banda, a Consellería de Economía e Industria baixo a óptica da explotación dos recursos desde a eficiencia ambiental está a elaborar o **Plan para ordenación de recursos minerais e xeolóxicos**, xunto co **Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia** e o **Rexistro mineiro**.

4.1.6 Protexer o patrimonio natural e cultural:

Os patrimonios natural e cultural son identificados polas DOT como principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia. A súa influencia na calidade, variedade e potencialidade do sector económico terciario fainos elementos de identidade da Comunidade Autónoma. Calquera estratexia sobre eles incluírá tamén criterios ambientais, culturais e paisaxísticos.

Neste esforzo se enmarca o **Plan Director da Rede Natura**, aprobado en marzo de 2014 ou os plans de conservación de elementos naturais como o monumento da praia das Catedrais, o humidal protexido Lagoa e areal de Valdoviño. Do mesmo xeito, a elaboración do plan reitor das Fragas do Eume, o plan de acción para a declaración da reserva da biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés súmanse ás a as accións xa implementadas con anterioridade:

- Lei de caza de Galicia.
- Plans de conservación, para os espazos naturais: ENIL Louro_Ruxidoira e ENIL Xunqueira de Alba, e ENIL o Puzo do Lago.

- Plans de xestión dos recursos piscícolas do rego de Moreda-Taboada.
- Declaración como Monumento Natural do plegamento xeolóxico de Campodola-Leixazós
- Plans de recuperación do sapoconcho común e da escribenta das canaveiras e Plan de conservación da pílara das dunas, en relación co Catálogo de especies ameazadas.
- Proposta de ampliación da Rede Natura.
- Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas (en elaboración).
- Declaración como espazos naturais de interese local do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarto no concello de Vigo, do Río Gafos, no concello de Pontevedra e do espazo natural de interese local da zona denominada Ecosistema dunar de praia América-Panxón (en elaboración).

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aprobou o anteproxecto de **Lei do patrimonio cultural de Galicia**, o **Plan Director estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021**, que supón unha ferramenta de xestión e unha folia de ruta que marca as directrices para favorecer a conservación e protección do Camiño. Neste sentido tamén se modificou o **Manual de sinalización turística de Galicia que regula a imaxe e sinaléptica do Camiño de Santiago**.

Asemade, este departamento aprobou a delimitación dos tramos dos diferentes **Camiños de Santiago ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela** e o **Camiño de Santiago do Norte**, ruta da costa así como as declaracións coma bens de interese cultural dos seguintes inmobles:

- **Fábrica de Cerámica de Sargadelos**, ligada ao Laboratorio de Formas, no termo municipal de Cervo, coa categoría de monumento (DOG 22.01.2015: DECRETO 171/2014, do 26 de decembro).

- **Colección de ourivaría Álvaro Gil Varela** (DOG 04.06.2015: DECRETO 77/2015, do 21 de maio).
- **Fondo bibliográfico e documental de Abanca Corporación Bancaria, S.A** (DOG 27.10.2015 DECRETO 151/2015, do 8 de outubro).
- **Colección de arte da Fundación Galicia Obra Social (Afundación)** (DOG 20.10.2015 DECRETO 152/2015, do 8 de outubro).

Por outra banda, estase a traballar na delimitación do Camiño portugués e téñense realizado traballos sobre a documentación da historicidade doutras rutas ao obxecto do seu futuro recoñecemento, en especial a coñecida como Camiño de Inverno.

Cómpre sinalar que os Camiños de Santiago do Norte, tanto a rota denomina da Costa como a denominada Camiño Primitivo, foron este ano incorporadas pola UNESCO á Lista do Patrimonio Mundial, incluíndoas no ben Camiños de Santiago. A incorporación destas rotas ao patrimonio mundial supón que se suman ao listado de bens galegos con esta consideración singular as dúas rotas do camiño de peregrinación do Norte e as catedrais de Lugo e Mondoñedo, xunto co Mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes, como bens culturais singulares do Camiño.

Así mesmo, atendendo á determinación 9.1 continúaase a traballar na elaboración do inventario dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia a través dos catálogos municipais e mellorando as ferramentas de xestión do IXPCG.

No ano 2014 abriuse ao público o Centro de Interpretación da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las, en San Amaro - Punxín (Ourense).

No que atinxe á determinación 9.2, co obxecto de fomentar a preservación do patrimonio cultural a Dirección xeral do Patrimonio Cultural continúa a traballar na promoción de convenios de colaboración e na realización de investimentos destinados as actuacións de rehabilitación, restauración e conservación dos bens protexidos polo seu valor cultural.

No período 2012-2013, aprobáronse 6.829 intervencións de conservación ou rehabilitación en bens do patrimonio cultural, promovidas tanto por administración ou institucións públicas como pola iniciativa privada.

Neste ámbito destacan, pola importancia do investimento e dos bens de interese cultural sobre os que se intervén, as actuacións realizadas na Muralla Romana de Lugo e nas Catedrais de Ourense, Tui e Santiago.

A valorización da paisaxe galega, integradora destes elementos nun territorio altamente antropizado á vez que soporte de espazos de alta calidade e valor ambiental, ten sinaladas na **Estratexia da Paisaxe de Galicia**, as liñas mestras preservar e protexer os elementos máis valiosos e singulares, para ordenar as accións territoriais de xeito que melloren ou restauren espazos con algún grao de deterioro e para xestionar as intervencións desde una perspectiva sustentable que necesariamente mudarán a paisaxe sobre a que se intervén.

Sumando estes enfoques, unha vez elaborado o mapa das grandes áreas paisaxísticas de Galicia e aprobado o primeiro dos catálogos de paisaxe (Catálogo da paisaxe da comarca paisaxística de Deza en agosto de 2012), o Instituto de Estudos do Territorio, dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, está na fase final da elaboración do Catálogo das Paisaxes de Galicia prevista na Lei da Paisaxe de Galicia, documento que, simultaneamente á redacción do mesmo, iniciou un proceso de participación pública para contar desde o principio coa máxima implicación da sociedade, como aspecto esencial en coherencia co Convenio Europeo da Paisaxe.

Para a elaboración do Catálogo das Paisaxes levouse a cabo un completo proceso de participación pública que incluíu diferentes tipos de actividades coa fin de asegurar unha participación efectiva. Unha das principais actividades foron os doce talleres participativos, aos que se convidou a 1.171 axentes vinculados directamente á xestión da paisaxe. O número total de participantes nos talleres foi de 208, xa que estaban abertos ao público e asistiron 51 persoas coas que non se contactou persoalmente. Entre os asistentes

incluíronse representantes de 19 concellos e membros de 121 asociacións ou entidades vinculadas á paisaxe. Estes talleres completáronse con oito talleres específicos, aos que asistiron un total de 128 persoas, e nove visitas a centros ou asociacións nas que estiveron presentes outros 41 cidadáns. Ademais, púxose en marcha una plataforma web durante os meses de setembro e outubro de 2015 a través da cal calquera persoa puido participar no proceso. Nesta web rexistráronse 584 usuarios, dos que 330 introduciron algún tipo de información. Esta información incluíu un total de 2.096 lugares de interese paisaxístico, 407 áreas degradadas e 995 valores paisaxísticos.

Cómpre destacar tamén neste eido o traballo realizado para a próxima aprobación do Decreto que regulará a actividade cartográfica de Galicia e a creación da Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica de Galicia.

4.1.7 Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental:

O metabolismo urbano refírese ao ciclo dos materiais, de recursos, enerxía e residuos que forman parte das funcións urbanas e que son as responsables da pegada que estas estruturas deixan na matriz biofísica do territorio e na atmosfera, repercutindo directamente na calidade de vida das persoas.

Reducir esta pegada ten que ser a meta das políticas que neste sentido a Xunta de Galicia está levando a cabo, buscando a xestión eficiente dos fluxos metabólicos e que se concretan en distintas actuacións, enmarcadas pola aprobación do Plan hidrolóxico Galicia-Costa. Os resultados do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia pon de manifesto a redución do 4% da cantidade de residuos desde a aprobación das DOT, entre 2011 e 2014.

- Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.
- Programa de xestión de residuos da construción e demolición de Galicia 2013 – 2016.
- Programa de prevención de residuos industriais de Galicia 2013- 2016.

- Proxecto ríos
- Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (CAMGAL), que dá resposta á obriga dos estados de protexer e preservar o medio mariño tomando as medidas necesarias para previr, reducir e controlar a contaminación do medio mariño procedente de calquera fonte.
- Plans de xestión de risco de inundación, que avalían os riscos asociados ás inundacións e establecen os procedementos para unha coordinación de todas as Administracións Públicas e a sociedade para reducir as consecuencias negativas destes episodios.
- Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA), de protección das persoas, o medio ambiente e os bens que poden ser afectados en calquera situación de emerxencia.

En tramitación:

- Plans de xestión de zonas inundables e o mapa de áreas inundables.
- Plans de saneamento das rías de Arousa, Corcubión, Ares e Betanzos.

4.1.8 Afianzar o protagonismo exterior de Galicia:

Unha das orientacións fundamentais do Modelo territorial debe ser desenvolver as iniciativas territoriais que lle permitan a Galicia afianzar o seu protagonismo no contexto internacional e aumentar o seu potencial para participar nas dinámicas de desenvolvemento europeas e globais.

- No eido da liña de acción da cooperación interrexional que impulse unha Macrorrexión do Suroeste europeo, cómpre salientar as actuacións na articulación da cornixa cantábrica, coas licitacións ou aprobacións dos estudos informativos das vías San Cibrao-Barreiros, Lavacolla-Guitiriz ou Ferrol-San Cibrao, coa execución da variante de Ortigueira e as obras do tramo Celeiro_San Cibrao.

✓ Na articulación co Norte de Portugal, o desenvolvemento da Plataforma loxística de Salvaterra-As Neves -PLISAN-, en fase de execución.

- Na liña de acción para a articulación con Madrid e a Meseta, reforzouse o eixo Santiago-Lalín-Chantada-Monforte, co primeiro tramo, xa en funcionamento.
- A potenciación do Camiño de Santiago como gran eixe de integración cultural e urbana que debe servir de soporte para consolidar fluxos turísticos cara a Galicia. A Xunta de Galicia acometeu o deseño do **Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021** como unha ferramenta de xestión e unha folia de ruta no horizonte 2021 que marca as directrices para favorecer a conservación e protección do Camiño da Comunidade Autónoma e fortalecer a marca Galicia.

As iniciativas encamiñadas a mellorar a integración e cooperación co conxunto de Europa, e en especial cos territorios limítrofes, constitúen directrices clave da ordenación territorial galega. Nesta liña estratéxica inscríbense as seguintes follas de ruta:

- **Axenda da competitividade industrial de Galicia**, desde a concepción dunha industria galega competitiva nun mercado global, co obxectivo de aumentar o peso da actividade industrial no conxunto da economía galega, enfocada á competitividade no marco internacional.
- **Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015**, para o impulso e a consolidación do capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas, e favorecendo a ampliación de mercados internacionais.
- **Estratexia de especialización intelixente de Galicia**, co obxectivo de investir en investigación, innovación e iniciativa empresarial en tódolos Estados membros e rexións da UE, así como no máximo aproveitamento do potencial de Europa.

- ***Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015***, co obxectivo de desenvolver un ecosistema de investigación e innovación suficientemente eficiente como para situar a economía galega en posición de competir nunha contorna global.
- ***A Estratexia de internacionalización 2020***, co obxectivo de internacionalizar o tecido empresarial, como un dos piares básicos para mellorar a súa competitividade e impulsar o crecemento económico.

4.2 É eficaz cara a sustentabilidade?

A resposta dánola os indicadores de sustentabilidade territorial pola súa correlación coas variables e aspectos clave da sustentabilidade identificados no ISA das DOT.

Cómpre indicar que o intervalo temporal desde a aprobación das Directrices de Ordenación do Territorio fai posible obter conclusións acerca dos efectos concretos deste instrumento en determinados casos, indicando tendencias relevantes no caso de que se consoliden, mentres que noutros casos é imposible avalialos.

4.2.1 Ocupación do territorio (OC)

As DOT perseguen acadar un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como de natureza rural, de maneira coherente cos seus valores ambientais. A variación cuantitativa e cualitativa da ocupación do territorio reflectirá o modelo de ocupación do territorio, que se dirixe cara a un modelo que debe ter en conta a

vocacionalidade e aptitude deste, así como a capacidade de acollida para os distintos usos.

Isto mídese mediante varios indicadores, entre os que se atopan o denominado **Artificialización do territorio**, que analiza o grao de alteración antrópica que se percibe no territorio, avaliando os elementos artificiais presentes nel, mediante unha ponderación do grao de artificialidade da cobertura do solo. Este indicador mostra que, entre 2005 e 2011, non houbo modificacións significativas a escala autonómica no grao de naturalidade do territorio.

Moi relacionado co anterior, emprégase a medición dos **Usos do solo**, que amosa a porcentaxe do territorio cuberto por cada uso, agrupados en aqueles usos de dinámica natural e dinámica antrópica, que reflicten a riqueza da biodiversidade de Galicia.

Os datos indican que os usos de dinámica natural representan o 46% das coberturas totais en Galicia, valor similar ao do 2005 (45,8%), o que supón 10.585 ha máis en coberturas con alto valor ecolóxico. Entre o territorio restante destacan as coberturas asociadas ao sistema agroforestal, que representan o 46% do territorio ([Ilustración 13 e 14](#)), mentres que o solo artificial e construído redúcese ao 8 %. Estes datos (92 % da superficie dedicada a usos agroforestais ou naturais) reflicten unha paisaxe galega “humanizada”, se ben esta humanización é claramente produtiva, vinculada a un sistema agroforestal de alto valor ecolóxico e cultural.




Ilustración 13. Usos do solo. Fonte SIOSE 2011




Ilustración 14. Porcentaxe de usos de dinámica natural 2011

O indicador **Vivendas familiares** consta de varios parámetros de medida, que permiten analizar a evolución decenal das vivendas que non se ocupan habitualmente (secundarias, baleiras), tanto en números absolutos como en peso relativo, así como a evolución dos inmobles de usos residencial segundo o Catastro.

Durante o período 2001-2011, aumentou o parque de vivendas nun 22,7% mentres que a poboación rexistrou un incremento do 1,4%, o que indica unha desproporción entre a necesidade de vivenda asociada ao crecemento poboacional, tanto residente como flotante.

A análise realizada, a partir dos censos de 2001 e 2011, indica que o número de vivendas non principais pasou de 407.758 a 546.248. A principios da década estudada supoñían o 31,2% do parque total de vivendas e ao final deste período xa representaban o 34% (Ilustración 15).




Ilustración 15. Porcentaxe de vivendas principais, secundarias, baleiras/outras

Entre 2001 e 2011, as vivendas secundarias aumentaron un 48%, mentres que no caso das vivendas baleiras este incremento cifrouse no 30,5% (Ilustración 16).

En relación ao número dos inmobles de uso residencial, no período 2012-2013, evolucionou en sentido inverso a como o fixo a poboación, é dicir, o número de inmobles continúa crescendo (a un ritmo do 0,5%) mentres que se observa unha involución poboacional (-0,6%).




Ilustración 16. Variación das vivendas non principais 2001- 2011

4.2.2 Paisaxe

O bloque de Paisaxe analiza como se van transformando os diferentes elementos que configuran a paisaxe e o grao de aplicación da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia, non só no que atinxe aos instrumentos de xestión, senón tamén, no que se refire aos procesos de ordenación e protección, así como á valoración e sensibilización da cidadanía en materia de paisaxe.

A Estratexia Galega da Paisaxe é unha aposta pola concepción que da paisaxe fan as DOT, entendida como un activo básico da calidade de vida e do potencial desenvolvemento económico de Galicia.

Desde este documento, abórdanse as accións que as liñas mestras da lei e das DOT deseñaron para: protexer e preservar os elementos máis significativos e característicos das diferentes paisaxes de Galicia, ordenar as paisaxes a través de accións tendentes a mellorar, restaurar ou rexeneralas e xestionar a mesma dende unha perspectiva de uso sostible do territorio.

Tres son as accións que define:

- Redacción dos Instrumentos para a protección, ordenación e xestión das Paisaxes.
- Integración paisaxística.
- Sensibilización, formación e divulgación da Paisaxe.

O indicador definido aborda o grao de desenvolvemento da Lei a partir da superficie galega con catálogo de paisaxe. O Plan de ordenación do litoral foi o primeiro dos instrumentos que abordaron a delimitación de unidades de paisaxe, identificando e caracterizando 428 unidades paisaxísticas en 215.000 ha. O Catálogo das Paisaxes de Galicia completará a delimitación de unidades de paisaxe para toda Galicia. O Instituto de Estudos do Territorio ten previsto tramitar este catálogo no primeiro trimestre do ano 2016.

A actualización do indicador cuantifica o esforzo despregado no eido da integración paisaxística das actuacións no territorio, tanto nos procedementos de Avaliación ambiental como en virtude do previsto nas DOT ou no Plan de Ordenación do Litoral.

No período 2012-2013 informáronse 84 Estudos de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) en virtude do regulado na Lei de avaliación ambiental estratéxica, fronte aos 90 EIIP do período 2009-2012. Estes 174 EIIP se redactan sobre ámbitos territoriais que abarcan máis do 60% dos concellos galegos.

No eido da terceira liña da Estratexia Galega da Paisaxe, a Concellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten elaborado diversas guías de integración paisaxística relativas á metodoloxía de elaboración dos estudos de impacto e integración paisaxística, instalacións acuícolas, intervención nos núcleos rurais ou sistemas praia duna e está elaborando unha sobre peches no medio rural.

4.2.3 Patrimonio natural

No modelo territorial proposto polas DOT, os recursos que constitúen o patrimonio natural de Galicia son un dos sinais identitarios máis representativo de Galicia, non só desde o punto de vista da diversidade biolóxica, senón tamén desde o entendemento deste como un factor de desenvolvemento socioeconómico, polo que resulta relevante a súa planificación e xestión orientada a garantir a súa conservación e mellora.

A ocupación do territorio por parte dos sistemas humanos causa unha perda do patrimonio natural e da biodiversidade, tanto pola destrución de hábitats, como polo efecto de fragmentación e alteración que provoca que estes perdan ou reduzan a súa funcionalidade, ao quedar espazos naturais sen ningún tipo de conexión.

No que se refire á variable Patrimonio Natural, os indicadores referidos á **superficie de espazos naturais protexidos** permiten relacionar a delimitación destes espazos naturais, con e sen instrumento de xestión ou ordenación, con outros fenómenos como a **ocorrência de incendios**, a **artificialización do territorio** ou a conectividade ecolóxica, xa que os espazos naturais proporcionan áreas

continuas de hábitats de interese, evitando a fragmentación da paisaxe e favorecendo a calidade e integridade desta.

O indicador **Superficie de espazos naturais protexidos** recolle a superficie terrestre protexida en virtude dos seus valores intrínsecos para preservar as súas funcionalidades e características naturais e de biodiversidade. Estas superficies agrúpanse en tres categorías, segundo se trate da Rede Galega de Espazos Naturais protexidos, da Rede Natura 2000 ou doutras figuras de rango internacional (OFRI), as cales, moitas veces, solápanse.

En 2013, a superficie terrestre protexida mediante as figuras recollidas na RGEF era de 358.895 ha, que representan o 12,14% do territorio galego, e as contempladas no marco da Rede Natura 2000 eran 354.411 ha, o 11,99%. Os espazos incluídos en ámbitos Reserva da Biosfera incrementáronse en 113.970,70 hectáreas coa declaración das Mariñas coruñesas e terras do Mandeo ([Ilustración 17 e 18](#)).




Ilustración 17. Superficie terrestre de espazos naturais protexidos por categoría no ano 2013



Ilustración 18. Variación dos espazos naturais protexidos. 2012-2013

En Galicia, 728.402,90 hectáreas, o 24,63% do territorio, contan con algunha figura de protección, un 3,85% máis que en 2012. Lugo é a provincia con maior superficie de espazos naturais protexidos, mentres que Ourense rexistra a porcentaxe maior de superficie protexida nas tres categorías ([Ilustración 19](#)).




Ilustración 19. Valores provinciais da superficie espazos naturais protexidos en 2013.

Tanto nas DOT como no POL, sinálase a necesidade de facilitar a conectividade ecolóxica entre estes espazos mediante corredores, así como evitar presións antrópicas negativas no seu bordo, en particular nas Areas estratéxicas de conservación e ámbitos de interese do patrimonio cultural. A **Superficie de interese para a**

conservación en corredores permite medir a evolución das zonas identificadas como de interese para a conectividade ecolóxica, resultando especialmente importante nas zonas nas que a fragmentación da paisaxe é máis fráxil.

Neste sentido, no POL, como primeiro documento que desenvolve as DOT, concibíronse os corredores ecolóxicos coa idea de dar continuidade ao resto de áreas de protección e contribuír ao mellor funcionamento dos ecosistemas.

A actualización do indicador analiza as variacións experimentadas na superficie delimitada como corredor ecolóxico como consecuencia da aprobación de PXOMs. Nalgúns casos, a aprobación destes documentos supón a modificación da delimitación dos corredores ecolóxicos establecida no POL. O indicador avalía as variacións cuantitativas e cualitativas, atendendo tanto á superficie total delimitada como corredor como aos usos de dinámica natural e aos bosques rupícolas existentes neles.

A superficie total de corredores veuse incrementada en 95 ha, ampliándose o número de corredores no caso de Marín, conectando dúas zonas fluviais co litoral (Ilustración 20 e 21).




Ilustración 20. Evolución da superficie de interese para a conservación en corredores (2011, 2013)




Ilustración 21 Superficie de corredores ecolóxicos (2013)

O indicador de **Ocorrencia de Incendios** trata de avaliar a incidencia dos incendios a través de tres medidas: a superficie incendiada, o número de incendios e a densidade dos mesmos. Estas medidas describen a magnitude, distribución e evolución dos incendios. A unidade de xestión territorial ou ámbito de referencia deste indicador é o distrito forestal e a súa relevancia radica nos custos económicos e medioambientais, ademais do perigo que supón para a cidadanía, e a importante perda de biodiversidade, erosión do solo e problemas de contaminación na auga e aire que ocasionan.

A superficie total incendiada en Galicia no ano 2013 foi de 19.776 hectáreas. A tendencia crecente desde 2001 na superficie incendiada invértese a partir do ano 2011 e este descenso acentúase no bienio 2011-2013 no que diminuíu un 53% a superficie incendiada, mentres que o número de incendios reducíuse un 43,5% (Ilustración 22).




Ilustración 22. Evolución da superficie e número de incendios no período 2011 – 2013

4.2.4 Patrimonio cultural

As DOT e o POL, en consonancia coa “Estratexia Territorial Europea 2020”, sinalan, de xeito relevante, a importancia de apoiar a dinamización dos territorios nos seus elementos identitarios, tales como o patrimonio cultural e a paisaxe, en particular para o futuro do desenvolvemento do medio rural.

O bloque de Patrimonio Cultural, co que se pretende analizar o recoñecemento e valorización do patrimonio humano, definiu dous indicadores, un relacionado cos Bens de Interese Cultural (BIC) e un segundo indicador sobre as accións de conservación sobre os bens inmobles de patrimonio cultural.

A finais do ano 2013, Galicia contaba con 697 BICs, o que supón 44 bens de interese cultural máis que no anterior informe de 2012 e un incremento dun 6,7% no período dun ano. Este incremento foi máis notable no caso dos BIC con declaración xenérica, que acadan un incremento do 10,3% fronte ao 0,8% dos BIC con declaración específica (Ilustración 23).

Asemade, hai que destacar o número de actuacións autorizadas no 2013 para conservar ou rehabilitar o patrimonio cultural que ascendeu a 6.829. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural interveu directamente na conservación ou rehabilitación de 83 elementos. Con respecto aos 34 conxuntos históricos declarados en Galicia, a ma-

ior parte deles (56%) teñen aprobado o preceptivo plan especial de protección.




Ilustración 23. Evolución do número de BIC

O conxunto dos datos analizados neste indicador, relativos ao incremento do número de BIC declarados, o número de actuacións para conservación ou rehabilitación dos bens, así como o dos conxuntos históricos con plan especial de protección, sinalan que as directrices marcadas polas DOT, no que se refire ao Patrimonio Cultural, estanse a cumprir, implicando para elo a diferentes administracións, institucións públicas e privadas e aos mesmos particulares.

4.2.5 Sociedade e economía.

Os indicadores que constitúen o bloque de Sociedade e Economía analizan un amplo abano de aspectos (social, adquisitivo, autosuficiencia, innovación, sectores produtivos...), para facer un seguimento da consecución de dous obxectivos globais: o aumento da cohesión social e a diversidade de usos e funcións do territorio.

En relación aos aspectos demográficos, a actualización do indicador **Variación da poboación** segue a salientar a asimetría entre a zona occidental, máis densamente poboada, e a oriental, en proceso de despoboación. Entre os anos 2003 e 2013, Galicia experimentou un crecemento da poboación de 14.846 habitantes, o que supuxo un incremento relativo do 0,5%. A poboación do litoral continúa crecendo a un ritmo superior que a media galega (3,1% fronte

ao 0,5%), estando o crecemento poboacional cada vez máis focalizado nas periferias urbanas (**Ilustración 24**).




Ilustración 24. Variación relativa da poboación no decenio 2003-2013

A correlación que se observa entre o grao de urbanización do territorio e a súa evolución demográfica reforza a necesidade do desenvolvemento das estratexias das DOT relativas á consolidación dunha rede de vilas e pequenas cidades dotadas dunha adecuada base urbana e de servizos que sexan a referencia funcional para os núcleos rurais, como célula básica do sistema de asentamentos.

A densidade media de poboación da comunidade galega (93,5%) case cuadriplica á do medio rural (23,8 hab/km²). Aínda así o 22,3%

da poboación galega residía en 2013 nas zona cun grao de urbanización moi baixo, que representan máis do 87% do territorio (**Ilustración 25**).




Ilustración 25. Porcentaxe de poboación en ZPP superbaixa (ano 2013)

Por último, o indicador **Crecemento vexetativo** reflicte o problema demográfico que hoxe ten Galicia: en 2013 naceron 19.727 nenos, moi lonxe das 30.433 defuncións rexistradas. En termos relativos, estas cifras tradúcense nunha baixa taxa de natalidade (7,2‰) e unha alta taxa de mortalidade (11,0‰) e consecuentemente nun saldo crecemento vexetativo negativo (-3,9‰). Incluso no litoral,

onde os resultados dos indicadores demográficos soen ser máis favorables, o saldo ten o mesmo signo (-2,0‰). (Ilustración 26)

Atendendo ao sistema de asentamentos establecido nas DOT, os resultados manifestan que as sete grandes cidades e os NET acadaron un saldo vexetativo similar (-1,3‰) mentres que os concellos do SUI chegaron ao -4,1‰, evidenciando diferenzas entre niveis de asentamento.

A actividade desenvolvida en Galicia, durante o ano 2012, xerou un PIB de 54.232.912.000 €, o que supón un PIB por habitante de 19.599 euros.

As comarcas que máis contribuíron a crear Valor Engadido Bruto (resultado de restarlle ao PIB os impostos netos) localízanse nas áreas urbanas, que reúnen o 64% do VEB galego; entre elas destaca A Coruña e Vigo (Ilustración 27).

As ramas de actividade que máis riqueza crean son os servizos, a construción, a enerxía, o suministro de auga e a xestión de residuos.

Nun achegamento á especialización e diversificación dos territorios, o indicador **Poboación ocupada por ramas de actividade** estuda o peso das distintas ramas de actividade a partir das afiliacións á Seguridade Social en cada concello.

Os datos sinalan que a rama de actividade que tivo máis peso no ano 2013 foi a do comercio, transporte e hostalería, cun total de 276.246 afiliacións á Seguridade Social. Existe un predominio desta rama de actividade nun 69,1% dos concellos galegos.

Pola contra, a rama de actividade que menos afiliacións rexistrou no 2013 foi a de enerxía, subministro de auga e xestión de residuos, cun peso do 0,9% da totalidade de afiliacións á Seguridade Social.

A nivel provincial, A Coruña e Pontevedra presentan os valores máis salientables de afiliacións á Seguridade Social (Ilustración 28).




Ilustración 26. Crecemento vexetativo no ano 2013




Ilustración 27. Valores comarcais máximos do VEB para 12 ramas de actividade (ano 2012)




Ilustración 28. Valores provinciais porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade no ano 2013

A capacidade dos concellos para fixar laboralmente á poboación mantense en valores inferiores ao 50% de media e con diferenzas

acusadas entre eles. Un 25% dos concellos amosan unha autosuficiencia inferior ao 61,4%, mentres que outro 25% acadan un valor superior ao 84,7%, rango no que se atopan as grandes cidades, destacando Santiago de Compostela (162,2%) e a metade dos concellos cabeceira do SUI. Porén, só a cuarta parte dos concellos NET superan este valor.

A fixación de poboación no rural require da dinamización dos sectores económicos ligados á produtividade primaria, acompañada dun axeitado desenvolvemento das tecnoloxías e redes de de información e comunicación. O indicador ***Implantación das TICs nos asentamentos urbanos e rurais*** indica que, no período 2012-2013, incrementouse en dez puntos porcentuais a poboación con acceso a cobertura de banda larga, ata chegar ao 97% da poboación. Asemade, aumentou en case vinte puntos a porcentaxe de núcleos nos que máis do 80% da poboación ten acceso á banda larga, pasando do 71,79% ao 90,4% (**Ilustración 29**).




Ilustración 29. Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso a banda larga en 2013

O **Número total de explotacións** en Galicia segue unha tendencia decrecente desde o ano 1999 ata o 2013, arrastrando consigo o emprego (UTA) no medio rural. O número de explotacións reduciuse entón ao 70% e o número de UTA ao 33% (**Ilustración 30**).




Ilustración 30. Número de explotación e de unidades de traballo e ano (UTA)

O réxime de tenencia da propiedade é outro dos factores clave para a supervivencia do sector. A propiedade é o réxime máis representado en agricultura, gandería e silvicultura. Sen embargo, na serie temporal 1999 - 2009 reflíctese un incremento relativo moi significativo da superficie baixo o réxime de arrendamento (**Ilustración 31**).




Ilustración 31. Evolución do Réxime de tenencia da terra

A evolución dos distintos cultivos e a relación coa base territorial das explotacións é outro dos factores relevantes para a rendibilidade das explotacións. O grupo de cultivos maioritario son os *prados e pasteiros*, observándose neles unha tendencia decrecente entre os anos 2011 e 2013. No grupo dos *cultivos forraxeiros*, que represen-

ta o segundo grupo en termos de superficie ocupada, obsérvase unha estabilidade no período de 2011 ata 2013, aínda que en termos relativos apréciase unha tendencia á intensificar a produción de forraxes en base ao cultivo de millo e herba (pradeiras) cos posibles problemas de fertilidade do solo e incremento do risco de contaminación dos acuíferos.

Por outra banda, unha das estratexias seguidas polas diferentes administracións e o sector é a de potenciar a competitividade do sector agrario aumentando o valor engadido dos produtos na cadea alimentaria e forestal. A produción ecolóxica e a certificación forestal aportan unha mellora na calidade dos produtos finais, contribuíndo a mellorar a calidade de vida dos cidadáns e a crear emprego. Ademais, a expansión de sistemas produtivos ecolóxicos supón unha mellora en termos de biodiversidade e leva consigo unha maior eficiencia na utilización da enerxía, así como unha diminución na contaminación ocasionada polos agroquímicos empregados na agricultura convencional.

A **Agricultura Ecolóxica** ven mantendo unha tendencia crecente nos últimos anos, tanto en superficie inscrita como en número de operadores, aínda que a representatividade territorial sobre o total da superficie destinada a cultivos, prados e pasteiros é baixa, supoñendo o 1,5% desta superficie en Galicia.

Os datos do consello regulador da agricultura ecolóxica (CRAEGA) auguran un gran potencial de crecemento que se concreta, non período 2011-2013 nun aumento do 2,4% da superficie inscrita e nun 11,9% do número de operadores (**Ilustración 32**).

O incremento continuado da **superficie forestal ordenada** debe interpretarse como un dos indicadores de sustentabilidade que as DOT recollen na súa determinación 3.3.6. ao sinalar que a Xunta de Galicia promoverá a xestión forestal sostible, contemplando funcións produtivas, sociais e ecolóxicas, para o que serán de aplicación os instrumentos de ordenación forestal.




Ilustración 32. Evolución da superficie de agricultura ecolóxica (GRAEGA)

Para isto, deben favorecerse actuacións enfocadas a reducir ou previr a fragmentación do territorio, promovendo a produción forestal sustentable, a calidade paisaxística do monte, as funcións ecolóxicas e a prevención de riscos ambientais como incendios, inundacións ou erosión.

No intervalo 2012-2013, rexistrouse un incremento de 22.308 ha na superficie con instrumento de ordenación forestal, acadando as 216.657 ha, que representan o 10,62% da superficie forestal de Galicia (**Ilustración 33**).




Ilustración 33. Evolución da superficie forestal ordenada 2004 – 2013

4.2.6 Metabolismo

De xeito transversal os indicadores que conforman este bloque veñen a avaliar a autosuficiencia dos fluxos metabólicos ou o intercambio de materia e enerxía entre sistemas.

Así, no ciclo hídrico avalíase a calidade das augas das zonas de baño; o que permitiu cualificar o 86% das zonas de baño como "excelentes" ou "boas", aumentando nun 3% as augas "excelentes" ou "boas" e diminuindo nun 4% as de peor cualificación (Ilustración 34).




Ilustración 34. Número e porcentaxe de zonas de baño con cada clasificación sanitaria en Galicia (anos 2011 e 2013)

No eido da xestión de residuos, os obxectivos a aplicar son a estabilización e redución de residuos, desvinculando a produción do crecemento económico. Os datos correspondentes a 2013 revelan unha redución dos residuos xerados desde 2011 (Ilustración 35). tanto en valor absoluto por ano (85.555 tn menos) como por habitante e día (1,052 kg/hab/día), situándose por debaixo do valor limiar fixado polo Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020, establecido en 1,094 kg de RU/hab/d en 2020 (Ilustración 35).




Ilustración 35. Xeración de residuos urbanos en Galicia (anos 2011 e 2013)

A dotación de puntos limpos favorece outro dos obxectivos ligados á sustentabilidade como é a reutilización dos materiais. Este indicador revela unha tendencia positiva ao reflectir un aumento do 9%, tanto no número de concellos con instalacións de punto limpo como de concellos que dispoñen do servizo e, consecuentemente, da poboación que conta con este servizo, que se incrementou un 11% acadando preto do 82% (Ilustración 36).




Ilustración 36. Dotación de puntos limpos en Galicia (2011-2013)

A eficiencia enerxética constitúe un valor fundamental no eido da sustentabilidade e competitividade económica dunha sociedade. O indicador **Intensidade enerxética final** avalía a eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos para producir crecemento económico, e no ano 2012 indica a redución, con respecto a 2010, de 0,054ktep/millón de €, apuntando a unha maior eficiencia e unha tendencia á cal encamiñarse, especialmente cando se trata de enerxía que é preciso importar ou ten un alto custe na produción de gases de efecto invernadoiro (**Ilustración 37 e 38**).




Ilustración 37. Intensidade enerxética final e consumo enerxético final en Galicia (2010, 2012)

O fenómeno do cambio climático de orixe antrópico, ao que contribúe a emisión de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) é un fenómeno global e de tal xeito ten que ser abordado, resultando moi importante a suma dos esforzos para frear este fenómeno.

4.2.7 Mobilidade

O indicador de Mobilidade considera modos sustentables de mobilidade todos aqueles que minimizan os problemas ambientais, sociais e económicos do uso exclusivo do vehículo privado motorizado. Entre eles encóntranse os modos a pé e en bicicleta, que se denominaron de forma conxunta como modos alternativos de mobilidade, considerados polas DOT modalidades que precisan ser promovidas desde as administracións, cuestión na que a planificación urbanística é relevante.

O urbanismo pode influír decisivamente no grao de dependencia do automóbil da poboación. Do mesmo modo, as políticas públicas de fomento dos desprazamentos a pé e en bicicleta poden determinar a transferencia de parte dos desprazamentos en vehículo privado cara a modos non contaminantes. A mellora na dotación e na eficiencia do transporte público é tamén un factor determinante para a mellora da calidade ambiental e acústica do municipio. O vehículo privado representa un dos principais focos de contaminación atmosférica e acústica, responsable en boa medida da emisión de gases de efecto invernadoiro que contribúen ao cambio climático global.

No decenio 2001-2011, tanto a mobilidade alternativa como o transporte público reducíronse, continuando a ser o modo maioritario o vehículo propio, que é o medio empregado polo 53% das persoas que se desprazan habitualmente. Ao mesmo tempo diminuíu (5%) o número de persoas que non precisan desprazarse fora do seu municipio a traballar ou estudar (**Ilustración 39**). A posta en marcha, en 2011, do Plan de transporte metropolitano, en coordinación cos concellos das áreas metropolitanas, poderá axudar ao achegamento aos obxectivos das DOT.




Ilustración 38. Número de persoas que se desprazan habitualmente a traballar ou estudar⁽¹⁾

4.3 Cómo percibe a cidadanía o desenvolvemento?

O plan de seguimento deseñou unha enquisa para dar resposta a esta pregunta atendendo ao obxectivo de avaliar o grao de satisfacción da cidadanía sobre a calidade da vida nas cidades e no rural, así como de determinar a consideración da poboación acerca das melloras levadas a cabo ou pretendidas polos instrumentos de ordenación do territorio e de urbanismo.

A denominada **Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU)** baséase nas *Enquisa Estrutural a Fogares* (EEF) que realiza o IGE desde o ano 1999⁵ coa fin de obter información sobre as características socioeconómicas dos fogares galegos.

A citada enquisa consta de dous módulos: un primeiro de carácter xeral, que se repite todos os anos, e un segundo módulo de carácter específico, dedicado a bloques temáticos de variables que presentan unha máis lenta evolución, polo que non necesitan un período anual de recollida de datos.

Entre os módulos específicos investigados está o Módulo de vivendas familiares: características e medio, que ten como finalidade obter información sobre as características das vivendas, das infraestruturas do seu contorno e do equipamento dos fogares. Este módulo efectuouse nos anos 1999, 2005 e 2010. Na planificación dos módulos específicos da EEF para o período 2012-2016 estaba programado realizalo de novo no ano 2016, incluíndo ademais algunhas preguntas sobre mobilidade e medio ambiente.

A partires das enquisas dispoñibles no IGE, cunha selección axeitada das cuestións existentes e algunha adaptación sinxela, foi posible cubrir a maior parte dos aspectos sinalados no ISA, que foron completados engadindo outras cuestións, entre elas ás referidas á valoración da paisaxe e a consideración das melloras na contorna.

Atendendo as achegas do grupos técnicos de traballo, chegouse a confección do *Módulos de mobilidade e vivendas familiares: características e medio 2015* da Enquisa Estrutural a Fogares, no que se integran as cuestións que conforman a EPTU

No anexo IV do Informe do PSST 2015 recóllese o cuestionario do Módulo que, nestes intres, atópase en traballo de campo con cobertura a nivel autonómico e coa previsión de dispor dos seus resultados no terceiro trimestre do vindeiro exercicio.

⁵ Denominación da enquisa ata o 2014: Enquisa de Condicións de Vida das Familias

RELACIÓN DE PREGUNTAS INTEGRADAS NO MÓDULO ATENDENDO AS ACHEGAS DOS GTT

12. Servizos, instalacións e equipamentos da vivenda

Servizos e instalacións

- 44 ¿Dispón a súa vivenda dos seguintes servizos e instalacións?
- 45 ¿Que fonte de enerxía emprega para quentar a auga?
- 46 ¿Que fonte de enerxía emprega para a calefacción?

13. Accesibilidade a servizos na área

- Indique se o seu fogar dispón dos seguintes servizos a unha distancia que se poida realizar a pé ou nalgún medio de transporte, aproximadamente en 15 minutos
- 52 ¿Ten a súa vivenda algún dos seguintes problemas ou inconvenientes?
- 53 ¿Cales son as causas de que teñan problemas de ruído?
- 54 ¿Con que frecuencia sofren problemas de ruído?
- 55 ¿Levaron a cabo algunha medida respecto ao problema de ruídos? Sinale como máximo 3 opcións
- 56 Sinale que medidas considera axeitadas para solucionar o problema de ruídos por parte da Administración
- 57 ¿Teñen na súa vivenda problemas de cheiros?
- 58 ¿Cales son as causas de que teñan problemas de cheiros?
- 59 ¿Con que frecuencia sofren problemas de cheiros?
- 60

- 61 ¿Levaron a cabo algunha medida respecto ao problema de cheiros? Sinale como máximo 3 opcións
- No contorno da súa vivenda, ¿considera que existen os seguintes problemas?
- 62 *(deficiencias de urbanización, servizos, espazos públicos, equipamentos, etc)*

Paisaxe

- 64 ¿Como cualificaría o contorno paisaxístico da súa vivenda?
- 65 Dos seguintes aspectos, ¿cales considera que producen impacto negativo na paisaxe do seu contorno?
- 66 ¿Cal é o seu grao de satisfacción coa paisaxe do seu contorno?

L. Mobilidade

- 71 ¿Onde se atopa o seu centro de traballo?
- ¿Que medio de transporte utiliza nese desprazamento?
- 75 *Se uns días usa un medio e outros días usa outro, sinale o que use máis días. Se os usa o mesmo número de días, co que máis tempo lle leve chegar ao centro de traballo.*
- 76 ¿Por que non utiliza o transporte público? Sinale como máximo tres opcións
- 87 ¿Canto tempo tarda normalmente desde esta vivenda ata o seu centro de estudos?

5 Conclusión

O Plan Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da Sustentabilidade Territorial (PSST) revélase como un instrumento a disposición da sociedade, capaz de avaliar se os efectos producidos polo desenvolvemento das DOT son os que este documento definiu, coa fin de encarar a Galicia no camiño da sustentabilidade.

Os efectos que, sobre o medio ambiente e a sociedade, teñen as accións sobre o territorio, precisan ser avaliados de xeito conxunto e continuo para poder corrixir a tempo, no seu caso, as políticas ou accións de goberno nas que se sustentan.

En primeiro termo, é a Administración a responsable de facer este seguimento, como salvagarda do interese xeral e o benestar social, e a primeira que debe subscribir o compromiso coa sustentabilidade, que é necesario estender a toda a sociedade.

Cómpre salientar o papel coordinador que este plan pode aportar aos procesos de avaliación ambiental estratéxica no seguimento dos efectos dos distintos plans, ao ser quen de integrar os distintos plans de seguimento nun so. Esta integración facilitaríaa, aos promotores dos plans, os concellos moitas veces, o seguimento do planeamento urbanístico ao que están obrigados pola Memoria ambiental.

Complementariamente á posta en marcha do seguimento, levouse a cabo unha operación estatística, nomeadamente *“Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia,”* que oficializou a maioría dos indicadores incluídos no PSST, enriquecendo o plan estatístico de Galicia, e que na actualidade xa está publicada, simultaneamente nas páxinas web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e na do IGE.

Os resultados do primeiro informe, remitido ao Parlamento en marzo de 2014, tense publicados na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Pola propia natureza estratéxica das DOT e dos instrumentos que as desenvolven, o balance de resultados require dun intervalo de

tempo necesariamente amplo para que os efectos previstos poidan aflorar, e, polo tanto, para que poidan ser debidamente avaliados.

Este segundo informe, catro anos despois da aprobación das DOT, aínda non ten a perspectiva suficiente para a avaliación concluínte dalgúns aspectos. Non entanto, a evolución dalgúns indicadores amosa tendencias que xa é posible apuntar, algunhas que ratifican procesos coñecidos e outras sobre as que cómpre poñer especial atención cara a desprezar as políticas e instrumentos sectoriais comprometidos nas mesmas.

Non obstante, poden observarse algunhas tendencias positivas claras, relativas a:

- A maior eficiencia na ocupación do solo dos novos plans urbanísticos, ao favorecer os crecementos ligados ás tramas consolidadas e na contención de novos desenvolvementos.
- A mellora da calidade das augas, que se reflicte na continua mellora do indicador de Calidade das augas das zonas de baño.
- A xestión de residuos, ao reducirse a xeración de residuos urbanos e aumentar a accesibilidade da poboación aos sistemas de puntos limpos, facilitándose así a reutilización de materiais.
- A protección dos espazos de alto valor ecolóxico e mellora da conectividade entre estes espazos, coa declaración de novos ámbitos de protección ou de corredores ecolóxicos; tamén pola diminución da incidencia dos incendios.
- A valorización do patrimonio cultural, que se proxecta tanto na declaración de novos BIC, como na aprobación de Plans especiais de protección ou nas intervencións de conservación ou rehabilitación sobre os elementos que integran o patrimonio cultural.
- O desenvolvemento das novas tecnoloxías da telecomunicación, que se evidencia no incremento, tanto da poboación como dos núcleos, na cobertura de banda larga.

Anexo 1. Informe do Plan de seguimento das directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilida- de territorial

Anexo 2. Decreto 156/2012, do 12 de xullo, polo que se crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia

O Decreto 44/2012, de 19 de xaneiro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sendo segundo o seu artigo 4 o/a conselleiro/a a autoridade superior da consellería, e con tal carácter está investido/a das atribucións enumeradas no artigo 34 da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

O Consello da Xunta de Galicia, polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, publicado no DOG do 22 de febreiro de 2011, aprobou definitivamente as directrices de ordenación do territorio de Galicia, instrumento creado pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e que teñen como finalidade básica definir un modelo territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan, de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia, conformando unha acción de goberno coordinada e eficaz.

Polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, apróbanse os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que entrou en funcionamento o 7 de abril de 2012, e que ten entre as súas funcións a de prestar apoio á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, na realización da avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial, o que inclúe o seguimento das directrices de ordenación do territorio que prevé o punto 10 do artigo 10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Segundo o artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, polo Decreto do Consello da Xunta de Galicia determinarase o procedemento que regule o seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das directrices de ordenación do territorio.

De conformidade co artigo 8 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, o órgano promotor deberá realizar un seguimento dos efectos no ambiente da aplicación ou execución do plan, conforme o disposto no artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, que traspuxo a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001. Neste seguimento poderá participar o órgano ambiental correspondente, quen poderá pedir a información e realizar as comprobacións que considere necesarias para verificar a información que figure no informe de sustentabilidade ambiental.

As directrices de ordenación do territorio de Galicia, na súa determinación 10.1.19, establecen que a Xunta de Galicia impulsará un sistema de seguimento da sustentabilidade territorial e das DOT atendendo ás orientacións recollidas no Informe de sustentabilidade ambiental e ás determinacións da Memoria ambiental emitida polo órgano ambiental do procedemento de avaliación ambiental estratéxica e co obxectivo de emprender unha xestión dinámica do territorio. Este sistema de segui-

mento deberá ser aprobado por decreto do Consello da Xunta, e suporá o establecemento do sistema de seguimento de todos os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.

Para estes efectos específicos, procédese á creación dunha comisión de seguimento que será responsable de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores aplicándoo proporcionalmente ao grao de desenvolvemento das DOT, a fin de dar cumprimento final ao plan de seguimento que permita elaborar a memoria que deberá presentarse anualmente ao Parlamento conforme o previsto no artigo 11 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Visto canto antecede, de acordo co disposto nos artigos 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no artigo 37 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de doce de xullo de dous mil doce,

DISPOÑO:

Artigo 1

Créase a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, como órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nas súas actuacións, que será a responsable de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores ou métodos para o seguimento que permiten coñecer a evolución das variables de sustentabilidade, aplicándoo proporcionalmente ao grao de desenvolvemento das DOT.

A Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia estará adscrita á consellería competente en materia de ordenación do territorio, a través do Instituto de Estudos do Territorio.

Artigo 2. Funcións

Serán funcións propias da Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia as seguintes:

- Realizar traballos preparatorios para a determinación do procedemento que regule o seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das directrices de ordenación do territorio, previsto no artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, que se incluírá conforme a súa memoria ambiental no Plan de seguimento da sustentabilidade territorial das directrices de ordenación do territorio de Galicia e, por extensión, dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo que a desenvolvan.

- Desenvolver e adaptar o sistema de indicadores, tal e coma establece o informe de sustentabilidade ambiental, que permitirán coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos produ-

cidos sobre as ditas variables e, por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada variable. Os indicadores permitirán valorar os efectos das determinacións das DOT na ordenación territorial de rango inferior, e por outra parte a valoración da eficacia para encamiñar Galicia cara á sociedade da sustentabilidade.

–Identificar a contribución das propostas e plans estratéxicos de Galicia cara á sustentabilidade territorial.

–Propoñer medidas para corrixir as posibles desviacións, así como posibles efectos non considerados inicialmente.

–Facer valoracións globais e particularizadas a través de informes da integración efectivamente conseguida.

–Fixar as pautas e os criterios de interpretación precisos para a elaboración da memoria prevista no artigo 11 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

–Establecer a composición e funcionamento dos grupos técnicos de traballo, por proposta do Instituto de Estudos do Territorio.

–Calquera outra función que puiden ter relación coa natureza da Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

Artigo 3. *Composición*

A Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia estará composta polos/as seguintes membros:

1. Presidente/a: a persoa titular da consellería competente en materia de ordenación do territorio.
2. Vicepresidente/a: o/a director/a do Instituto de Estudos do Territorio.
3. Vogais:
 - 3.a) Un/unha representante designado/a pola secretaría xeral competente en materia de avaliación ambiental.
 - 3.b) Un/unha representante designado/a pola secretaría xeral competente en materia de ordenación do territorio.
 - 3.c) Un/unha representante do órgano central de estatística da Comunidade Autónoma.
 - 3.d) Un/unha representante designado/a pola secretaría xeral competente en materia de urbanismo.
 - 3.e) Un/unha representante designado/a pola consellería competente en materia de administración local.

–Os órganos mencionados deberán, así mesmo, designar, ademais do/ da vogal titular, un/unha vogal suplente.

–A composición da Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, tenderá a acadar unha participación equilibrada de homes e mulleres.

Artigo 4. *Funcións do presidente/a e vicepresidente/a*

1. Correspóndelle ao/a presidente/a, ou persoa en que delegue:

- a) Desempeñar a representación da Comisión.
- b) Acordar a convocatoria das reunións e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos/as demais membros formuladas con suficiente anticipación.
- c) Presidir as reunións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos da Comisión.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á presidencia dun órgano colexiado.

2. Nos casos de vacancia, enfermidade ou outra causa legal de ausencia, o/a presidente/a, será substituído/a polo/a vicepresidente/a.

3. Nos casos de vacancia, enfermidade ou outra causa legal de ausencia, o/a vicepresidente/a, será substituído/a polo/a suplente designado/a para o efecto.

Artigo 5. *Secretaría da Comisión*

1. A secretaría da Comisión será desempeñada por un/unha funcionario/a ou persoal laboral ao servizo do Instituto de Estudos do Territorio designado/a polo/a presidente/a da Comisión ou persoa en que delegue.

2. En caso de vacancia, ausencia ou enfermidade do/a secretario/a será substituído/a temporalmente pola persoa que designe o/a presidente/a como suplente.

3. Correspóndelle a/o secretario/a da Comisión:

- Asistir ás reunións, con voz pero sen voto.
- Efectuar a convocatoria das sesións da Comisión por orde da súa presidencia, así como ás citacións os/as seus/súas membros.
- Recibir os actos de comunicación dos/as membros da Comisión e, por tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

–Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.

–Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

–Cantas outras funcións sexan inherentes á secretaría dun órgano colexiado.

Artigo 6. *Convocatorias e sesións*

1. A Comisión reunirase, logo da convocatoria acordada pola persoa titular da presidencia, por iniciativa desta ou por petición de, polo menos, a metade dos/as vogais, cando menos dúas veces ao ano.

2. A convocatoria da Comisión será cursada pola persoa titular da secretaría cando menos con corenta e oito horas de anticipación, por escrito en que se recolla a orde do día cos asuntos que se vaian tratar na sesión.

3. Para a válida constitución da Comisión, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría ou de quen as substitúa, deberán estar presentes un terzo dos/as vogais en primeira convocatoria, e a metade en segunda. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá transcorrer, cando menos, un prazo de trinta minutos.

Artigo 7. *Asistencia de expertos/as*

A Comisión poderá contar coa asistencia de expertos/as ou asesores/as, sempre que o requiran os traballos que haxa de realizar.

Artigo 8. *Grupos técnicos de traballo*

1. Poderanse crear grupos técnicos de traballo por áreas, que poderán ser permanentes ou específicos e estarán formados polos/as membros que a Comisión de Seguimento designe para o efecto, e poderán ser asistidos/as polas persoas expertas ou asesoras que procedan en función do tema que se trate.

2. Os grupos de traballo reuniranse coa periodicidade que sexa necesaria.

Artigo 9. *Apoio técnico*

O soporte técnico para o desenvolvemento das funcións da Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia será prestado polo Instituto de Estudos do Territorio.

Artigo 10. *Funcionamento da Comisión de Seguimento*

Sen prexuízo das peculiaridades previstas neste decreto, o funcionamento da Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia acomodarse ás normas contidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sobre órganos colexiados, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Constitución*

A Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia constituirase no prazo de 1 mes contado a partir da entrada en vigor deste decreto.

Disposición adicional segunda. *Crédito orzamentario*

A constitución e posta en funcionamento da Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia non xerará aumento dos créditos orzamentarios da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de ordenación do territorio para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de xullo de dous mil doce

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Anexo 3. Decreto 176/2013, do 21 de novembro de, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.3, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega, entre outras, a competencia en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda. No exercicio da competencia prevista no devandito precepto aprobouse a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia que, entre os instrumentos de ordenación do territorio que regula, inclúe as Directrices de ordenación do territorio de Galicia (en diante DOT) ás cales dedica o seu capítulo II, e cuxo o artigo 10, no seu número 10, prevé que por decreto do Consello da Xunta de Galicia se determinará o procedemento que regule o seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das Directrices de ordenación do territorio.

O Consello da Xunta de Galicia, polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, aprobou definitivamente as Directrices de ordenación do territorio de Galicia, que teñen como finalidade básica definir un modelo territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia, para conformar unha acción de goberno coordinada e eficaz. No marco da Lei de ordenación do territorio de Galicia, as directrices son o instrumento que ofrece a visión global da ordenación territorial de Galicia e serven como referencia para o resto das figuras de planificación e para as actuacións que desenvolven tanto as administracións como os particulares. As Directrices de ordenación do territorio de Galicia, na súa determinación 10.1.19, establecen que a Xunta de Galicia impulsará un sistema de seguimento da sustentabilidade territorial e das DOT atendendo ás orientacións recollidas no informe de sustentabilidade ambiental e ás determinacións da memoria ambiental emitida polo órgano ambiental do procedemento de avaliación ambiental estratéxica, e co obxectivo de emprender unha xestión dinámica do territorio. Este sistema de seguimento deberá ser aprobado por decreto do Consello da Xunta e suporá o marco para o establecemento do sistema de seguimento de todos os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.

Conforme o disposto no artigo 5 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, as Directrices de ordenación do territorio de Galicia deben ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica, e o artigo 8 do mesmo texto legal prevé que o órgano promotor deberá realizar un seguimento dos efectos no ambiente da aplicación ou execución do plan para identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir desenvolver as medidas axeitadas para evitalos, consonte o disposto no artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, que traspuxo a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001. Neste seguimento poderá participar o órgano ambiental correspondente, quen poderá solicitar a información e realizar as comprobacións que considere necesarias para verificar a información que figure no informe de sustentabilidade ambiental.

O Decreto 227/2012, do 2 de decembro, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, da cal forma parte a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infra-

estruturas, órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao cal corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo consonte o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española, e segundo establece o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

En cumprimento do mandado legal do artigo 31 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, a través da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, créase o Instituto de Estudos do Territorio e dispónse a súa adscrición á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo. Polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, apróbanse os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, organismo autónomo que entrou en funcionamento o 7 de abril de 2012 e que foi adscrito directamente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola disposición adicional terceira do Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia. O Instituto de Estudos do Territorio ten, entre as súas funcións, a de prestar apoio á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio na realización da avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial, o que inclúe o seguimento das Directrices de ordenación do territorio que prevé o número 10 do artigo 10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Para estes efectos específicos, polo Decreto 156/2012, do 12 de xullo, créase a Comisión de Seguimento das DOT como órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nas súas actuacións, que será a responsable de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores ou métodos para o seguimento que permitan coñecer a evolución das variables de sustentabilidade, aplicándoo proporcionalmente ao grao de desenvolvemento das DOT. Coa sesión constitutiva desta comisión o 7 de agosto de 2012, en exercicio da función prevista no artigo 2 do Decreto 156/2012, do 12 de xullo, comezaron os traballos preparatorios para a determinación do procedemento que regule o seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das Directrices de ordenación do territorio, previsto no artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, que se incluírá conforme a súa memoria ambiental no Plan de seguimento da sustentabilidade territorial das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e, por extensión, nos instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo que a desenvolvan.

En cumprimento das disposicións normativas citadas, dítase o presente decreto, que consta dun artigo único relativo ao seu obxecto, que é aprobar o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, que se xunta nun anexo, e no cal se regula o procedemento de seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e o seguimento dos seus efectos sobre o ambiente. Asemade,

consta de dúas disposicións derradeiras, unha relativa á súa entrada en vigor e unha segunda ao desenvolvemento normativo. O anexo contén o plan de seguimento, que se concibe como un sistema único para as DOT e os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo que as desenvolvan, e que se basea en tres ferramentas: indicadores de desenvolvemento e implantación, un sistema de indicadores de sustentabilidade territorial e unha terceira de características máis cualitativas, consistente na realización dunha enquisa de percepción territorial e urbanística. Deséñase unha metodoloxía de traballo e un procedemento cos órganos implicados: o Instituto de Estudos do Territorio, os grupos técnicos de traballo e a Comisión de Seguimento. Cos resultados acadados, o IET elaborará un informe de seguimento, de carácter anual, que será aprobado pola Comisión de Seguimento. Este informe fundamentará a memoria, que se debe remitir anualmente ao Parlamento segundo o artigo 11 da Lei 10/1995, do 23 de novembro.

Visto canto antecede, de acordo co disposto nos artigos 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, no artigo 8 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e no artigo 37 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de vinte e un de novembro de dous mil trece,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial. Apróbase o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, que se xunta como anexo, no cal se regula o procedemento de seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e o seguimento dos efectos sobre o ambiente da aplicación ou execución das devanditas directrices, de acordo co disposto no artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no artigo 8 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

Habílitase a persoa titular da consellería competente en ordenación do territorio para o desenvolvemento normativo no que atinxe á organización e ás materias propias do seu departamento.

Santiago de Compostela, vinte e un de novembro de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

ANEXO Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial

Índice de contidos

1. Obxecto do Plan de seguimento.
2. Obxectivos e determinacións das DOT.
3. Metodoloxía de traballo.
 - 3.1. Órganos.
 - 3.2. Ferramentas.
 - 3.2.1. Indicadores de desenvolvemento e implementación.
 - 3.2.2. Indicadores de sustentabilidade territorial.
 - 3.2.3. Enquisa de percepción territorial.
 - 3.3. Procesos do sistema de seguimento.
4. Informe de seguimento.
 - 4.1. Formalización do seguimento.
 - 4.2. Estrutura e contido do informe.
 - 4.3. Publicidade.
 - 4.4. Memoria para o Parlamento.

1. Obxecto do plan de seguimento.

Os instrumentos de ordenación do territorio precisan de ferramentas de seguimento do cumprimento dos seus obxectivos e, en definitiva, da avaliación dos seus posibles efectos sobre o contorno, entendendo por tal o territorio en todas as súas dimensións (ambiental, social e económica). O sistema de seguimento convértese, por tanto, nun instrumento necesario para acadar unha sociedade sustentable, de aí que a súa definición sexa «Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial».

As ferramentas deste sistema deben poder medir a evolución do estado das variables e elementos que se consideren estratéxicos para coñecer se o devir da reali-

dade galega se vai aproximando á máxima eficiencia e eficacia da ocupación e uso do territorio, no seu senso máis amplo. Este seguimento e as consecuentes accións encamiñadas a daren resposta aos seus resultados é o que se denominou nas Directrices de ordenación do territorio de Galicia (en diante DOT) unha xestión dinámica do territorio.

Para estes efectos, e segundo se recolle no Informe de sustentabilidade ambiental (en diante ISA) das DOT, é necesario modelizar a realidade desde a perspectiva dos obxectivos destes instrumentos, e incluír entre os seus métodos un sistema de indicadores o máis obxectivo posible, considerando as posibilidades dos datos, desde a propia recolla ata o seu tratamento, para convertelos na información necesaria que permita avaliar o seguimento do modelo.

Así, no ISA sostense a posibilidade do emprego de indicadores como método de seguimento dos efectos dos instrumentos de ordenación territorial, xa que permiten coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre as ditas variables e, por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada unha destas variables. Os indicadores atenderán ás dúas necesidades obxectivas fundamentais: por un lado, valorar os efectos das determinacións das DOT na ordenación territorial de rango inferior e, por outra parte, quizais máis importante, a valoración da eficacia para encamiñar Galicia cara á sociedade da sustentabilidade.

O plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial ten por obxecto regular o procedemento de seguimento dos obxectivos e das determinacións das DOT conforme o establecido no artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e, ao mesmo tempo, configúrase como un plan de seguimento da sustentabilidade territorial no proceso de avaliación ambiental estratéxica (en diante AAE) no marco da Lei 9/2006, do 28 de abril, de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, e do artigo 8 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Este plan de seguimento conxuga o establecemento dun marco de referencia global cuns obxectivos e criterios comúns para Galicia, e traslada a execución deste marco ao planeamento de rango inferior ás DOT. Para isto establece unha serie de criterios estratéxicos comúns sobre as variables clave da sustentabilidade que deberán ser executados no deseño dos plans que desenvolvan estas DOT. Seguindo o proceso de avaliación ambiental estratéxica das DOT, o correspondente informe de sustentabilidade ambiental dedicou os números 8 e 9 ás orientacións e recomendacións para a elaboración do seu plan de seguimento baseada no control da planificación en cadoiro. Neste senso, os instrumentos que desenvolvan as DOT deberán incorporar unha análise de compatibilidade estratéxica (en diante ACE) para garantir a coherencia cos demais instrumentos de rango superior, en particular coas DOT. Esta análise permitirá avaliar o grao de compatibilidade entre os instrumentos de ordenación territorial e urbanística e as concordancias estratéxicas, obxectivos e criterios das DOT.

Así, Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, enténdese todo el como un sistema único para as DOT e os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo que as desenvolvan. Esta afirmación fundaméntase no feito de que as DOT desenvolven unha visión de carácter estratéxico coa cal os instrumentos de incidencia territorial se integran nun mesmo marco con obxectivos globais comúns. Esta visión estratéxica opta pola definición dun modelo territorial que irá gañando en concreción co posterior desenvolvemento da planificación en cadoiro. Trátase, pois, dun sistema de planificación territorial que combina a planificación vertical ou en cadoiro e a horizontal, mostrando así a necesaria relación xerárquica entre os instrumentos derivados das diferentes escalas de aproximación ao territorio e a relación transversal entre instrumentos de políticas converxentes, como é o caso da ordenación dos recursos naturais, a ordenación rural e a protección, ordenación e xestión da paisaxe, todo iso co obxectivo de protexer e ordenar para mellorar o territorio.

A este respecto, cabe dicir que o primeiro instrumento de ordenación do territorio que desenvolve as DOT é o Plan de ordenación do litoral (en diante POL), o cal incorpora no seu ISA unha proposta de modelo de seguimento análoga ao das DOT, coa mesma concepción de desenvolvemento en cadoiro, a través dos instrumentos de rango inferior.

Estas propostas para o deseño do plan de seguimento das DOT e do POL foron validadas polo órgano ambiental no procedemento de avaliación ambiental estratéxica, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante as respectivas memorias ambientais. No caso da memoria ambiental das DOT, esta incluíu, no seu anexo I, unha proposta de «indicadores de sustentabilidade territorial para as DOT».

Como resultado da validación realizada e complementada polo órgano ambiental, foron incluídas determinacións normativas sobre o plan de seguimento en ambos os dous instrumentos. No caso das DOT, trátase da súa determinación 10.1.19 e, no Plan de ordenación do litoral, foi incluído como disposición adicional cuarta.

Aínda que no número 3.2 se describe pormenorizadamente, de forma resumida, o ISA propuxo, sen carácter finalista, que o plan de seguimento fose constituído por tres ferramentas: dúas máis obxectivas baseadas en indicadores e unha terceira de características máis cualitativas, consistente na realización dunha enquisa. Estas ferramentas definíronse como:

- Indicadores de desenvolvemento e implantación (en diante IDI), son aqueles que medirán o cumprimento das obrigas concretas establecidas polas DOT e por cada instrumento de ordenación do territorio que as desenvolva.
- Sistema de indicadores de sustentabilidade territorial (en diante IST), tratan de representar unha realidade en termos de evolución dos elementos estratéxicos e as variables de sustentabilidade. O seguimento da sustentabilidade territorial precisa de ir alén dunha simple compilación de datos e cálculos, xa que afrontar a valoración das tendencias de sustentabilidade require dun im-

portante esforzo por considerar as profundas interrelacións entre as variables que se dan no territorio.

- Enquisa de percepción territorial e urbanística (en diante EPTU), o seu obxectivo básico é coñecer a percepción da cidadanía e da veciñanza acerca da situación da calidade da vida nas cidades e no rural, así como a valoración acerca das melloras levadas a cabo ou pretendidas polos instrumentos de ordenación do territorio e/ou de urbanismo.

Especificamente considérase que, as que finalmente se concreten, deberán permitir a valoración dos efectos das determinacións das DOT na ordenación territorial de rango inferior.

Por último, cómpre considerar que xa a propia Lei 10/1995 estableceu no seu artigo 10.10 que se determinará por decreto do Consello da Xunta de Galicia o procedemento que regule o seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das DOT. A isto engádeselle o establecido no seu artigo 11 sobre o control do dito seguimento, onde se recolle que se deberá presentar ao Parlamento unha memoria anual en que se plasme o estado en que se encontran as DOT.

O plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial responde ás seguintes necesidades obxectivas:

- Valorar os efectos das determinacións das DOT e dos restantes instrumentos de ordenación do territorio ao longo do proceso de planificación en cada un.
- Valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e determinacións marcados polas DOT e polos restantes instrumentos de ordenación do territorio.
- Coñecer a percepción da cidadanía sobre os instrumentos de ordenación do territorio e/ou de urbanismo.

En definitiva, trátase de avaliar a eficacia dos instrumentos de ordenación do territorio para encamiñar Galicia cara á sociedade da sustentabilidade.

2. Obxectivos e determinacións das DOT.

As DOT fixan uns obxectivos de sustentabilidade que atopan a súa correlación cos obxectivos estratéxicos ou normativos deste instrumento, con incidencia directa nos elementos estratéxicos do territorio e nas variables de sustentabilidade ambiental.

Trátase da identificación das variables de sustentabilidade, o establecemento de obxectivos específicos para cada unha delas, así como da identificación dos seus aspectos clave.

Esta vinculación será a que oriente a definición da ferramenta principal que permita obxectivar o comportamento da sociedade, no seu conxunto e nos diferentes aspectos, en clave de sustentabilidade, é dicir, a definición do sistema de indicadores.

O modelo conceptual en que se apoia este sistema permite agrupar estes indicadores nos seguintes grandes bloques: ocupación do territorio, paisaxe, patrimonio natural, patrimonio cultural, sociedade e economía, metabolismo e mobilidade.

Así, estes bloques atopan a súas equivalencias entre as variables de sustentabilidade consideradas no ISA das DOT e do POL, e organizan o sistema de indicadores.

O patrimonio natural de Galicia é o medio natural ou matriz biofísica soporte dos sistemas humanos, conformados polas variables sociais e económicas, que configuran e determinan o patrimonio cultural. Estes tres bloques dos sistemas humanos organízanse atendendo a un modelo de ocupación do territorio establecido polos instrumentos de ordenación, que, pola súa vez, determina e caracteriza o proceso de antropización do patrimonio natural.

Pódese afirmar, desta maneira, que o dito proceso de antropización é froito da interacción entre os propios factores naturais e antrópicos. Así, o modo en que son aproveitados e xestionados os recursos dese patrimonio natural (os fluxos de enerxía, auga-ciclo hídrico, outros materiais e a atmosfera) constitúe o que se pode denominar o metabolismo do sistema urbano, mentres que os múltiples fluxos socioeconómicos posibles sintetízanse na variable ou bloque de mobilidade.

A paisaxe, como manifestación plurisensorial, configúrase como elemento de síntese ou resultado de todas as relacións e interaccións naturais e antrópicas.


O devandito modelo conceptual considerou que os principios e os obxectivos de sustentabilidade enunciados pódense organizar en dous eixos fundamentais: a eficiencia ambiental e a cohesión social sobre os cales se sustente o avance cara a un modelo territorial sustentable, e que ten a súa orixe na posta en relación coas liñas estratéxicas do novo modelo territorial de Galicia definidas na memoria das DOT.

Así, as liñas estratéxicas definidas na memoria das DOT e recollidas na memoria ambiental correspondente ao proceso de avaliación ambiental estratéxica orientáanse a:

- A. Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa.
- B. Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio.
- C. Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio.
- D. Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial.
- E. Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural.
- F. Protexer o patrimonio natural e cultural.
- G. Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental.

H. Afianzar o protagonismo exterior de Galicia.

E un territorio estruturado conduce a unha maior eficiencia dos ciclos e fluxos metabólicos e a unha maior equidade de oportunidades e accesibilidade, atinxindo unha maior cohesión social.



O esquema reflicte o modelo conceptual proposto para o sistema de indicadores de sustentabilidade territorial: liñas estratéxicas trazadas a partir dos criterios-obxectivos, e todo segundo os dous eixos fundamentais de eficiencia ambiental e coherencia social na configuración dun modelo territorial sustentable e en equilibrio.

A posición central do obxectivo de integración paisaxística, en relación directa co resto de obxectivos a través dos diferentes eixos de sustentabilidade vén xustificada polo recoñecemento holístico da paisaxe, en coherencia co seu tratamento na Lei de protección da paisaxe de Galicia, de xuño de 2008, e coa súa definición no Convenio europeo da paisaxe, que entrou en vigor en 2004.

3. Metodoloxía de traballo.

3.1. Órganos.

Os órganos que interveñen no seguimento son os seguintes:

1. Órgano promotor: a consellería competente en materia de ordenación do territorio. É o órgano promotor que deberá realizar o seguimento das devanditas directrices conforme o disposto no artigo 8 da Lei 6/2007.

2. Comisión de Seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia: o Decreto 156/2012, do 12 de xullo, crea a Comisión de Seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia, órgano responsable de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores aplicándoo proporcionalmente ao grao de desenvolvemento das DOT, coa finalidade última de dar cumprimento ao mandado que recolle o artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia (en diante LOTGA).

A Comisión de Seguimento foi creada como órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e responsable última da aprobación dos contidos da memoria que anualmente se elevará ao Parlamento galego (art. 11 da LOTGA), e será a encargada de aprobar o informe de seguimento, de carácter anual.

3. Grupos técnicos de traballo (en diante GTT): no seo da Comisión de Seguimento constituíronse diferentes grupos técnicos de traballo, nos cales cada consellería da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidade pública instrumental, se for o caso, con competencias na área de que se trate, está representada.

Creáronse atendendo á propia estrutura orgánica da Xunta de Galicia e ás propias competencias de cada consellería, tendo en conta o ISA e a memoria ambiental das DOT, que estrutura os indicadores en bloques e subbloques que enlazan cos campos competenciais.

Cada grupo está constituído por unha persoa representante do órgano ambiental da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, do órgano competente en materia de estatística, por un representante da consellería da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidade pública instrumental con competencias na materia en que se baseen as ferramentas do número 3.2, e por dous representantes do Instituto de Estudos do Territorio, organismo que desenvolverá os labores de apoio, análise e coordinación técnica do traballo nos diferentes GTT. O representante do departamento que teña as competencias na materia a que se refira o grupo de traballo actuará como fonte e validador dos datos e dos indicadores asignados ao dito grupo.

O órgano ambiental participará no seguimento e poderá recadar a información e realizar as comprobacións que considere necesarias para verificar a información que figure no informe de sustentabilidade ambiental.

4. O Instituto de Estudos do Territorio (en diante IET): neste decreto sinalase o Instituto de Estudos do Territorio como o soporte técnico para o desenvolvemento das funcións da Comisión de Seguimento, que levará a cabo labores

de coordinación entre os grupos de traballo e a comisión, tarefa integrada na función de prestar apoio á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio na realización da avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial que lle atribúe o Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio. O IET formula, os GTT elaboran, consensúan e propoñen á Comisión, e esta aproba.

3.2. Ferramentas.

Para o deseño das ferramentas que fagan posible facer o devandito seguimento, dos obxectivos e determinacións das DOT e, consecuentemente, dos instrumentos que as desenvolven, resulta necesario modelizar a realidade desde a perspectiva dos obxectivos destes instrumentos.

Entre os métodos para empregar inclúese un sistema de indicadores, que deberá ser o máis obxectivo posible considerando as posibilidades dos datos ou fontes.

Esta modelización levarase a cabo mediante un conxunto de ferramentas que pretenden dar resposta a tres cuestións clave: facemos o que establecemos nos instrumentos de ordenación en vigor?, é eficaz para a sustentabilidade? e, finalmente, como percibe a cidadanía o desenvolvemento deste instrumentos?.

A primeira identificación de ferramentas posible fíxoas o ISA das DOT e foron recollidas na memoria ambiental a modo de mínimos que deberían ser desenvolvidos polo plan de seguimento que se definise.

O sistema de indicadores permitirá avaliar a sustentabilidade da planificación territorial derivada das DOT mediante o seguimento da súa evolución e a verificación do cumprimento dos obxectivos xerais propostos, así como dos obxectivos específicos establecidos para cada unha das variables.

3.2.1. Indicadores de desenvolvemento e implantación.

Teñen por obxecto mostrar o grao de cumprimento das obrigas concretas establecidas polas DOT no que se refire aos instrumentos que, segundo elas, debe desenvolver a Comunidade Autónoma para acadar os obxectivos estratéxicos de sustentabilidade. Algúns destes indicadores establécense na propia tramitación ambiental das DOT, entendendo que o desenvolvemento destes instrumentos suporá unha ordenación do territorio en clave de sustentabilidade, é dicir, a planificación vertical ou en cadoiro será a ferramenta documental que dirixa as actuacións no territorio para que estas sexan a resposta coherente coas necesidades da sociedade.

3.2.2. Indicadores de sustentabilidade territorial.

Para a cuestión clave, a que cuestiona a súa eficacia cara á sustentabilidade, proporase un sistema de indicadores baixo a denominación de «indicadores

de sustentabilidade territorial». Estes xurdirán das variables de sustentabilidade do ISA das DOT e do POL, recollidas na súa memoria ambiental e do traballo análise e ensaio que se realizará no seo dos grupos técnicos de traballo.

A función ou obxecto do sistema de indicadores de sustentabilidade territorial é compartida coa do propio Plan de seguimento e substanciase na maior obxectivación posible dos efectos derivados da planificación territorial a partir dos datos obtidos deles e a súa extrapolación aos obxectivos marcados polas DOT e os distintos instrumentos que as desenvolven.

A definición do modelo conceptual do sistema de indicadores de sustentabilidade territorial xorde, como xa se indicou no número 2, dos procesos de avaliación ambiental estratéxica das DOT e mesmo do POL; estes indicadores de sustentabilidade territorial agrúpanse en bloques definidos segundo os elementos clave do territorio e as variables de sustentabilidade ambiental que atopan a súas equivalencias nos obxectivos específicos, que sinalan as DOT, para cada un deles.

Neste aspecto cómpre sinalar que, para formular a proposta do modelo conceptual do sistema de indicadores, é preciso incorporar a consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade xa recollidos nos ISA destes documentos, así como nos seus documentos de referencia dos procesos de avaliación ambiental estratéxica. Definidas as variables, e despois da reflexión sobre as oportunidades e riscos que leva consigo a implementación dos diferentes instrumentos de planificación territorial, identifícase unha serie de efectos previsibles e extráese unha serie de aspectos clave que é necesario valorar.

Estes aspectos clave refírense, a modo de exemplo, a cuestións tales como a calidade do solo ou a súa exposición a riscos, a cohesión social ou a calidade de vida da poboación, a calidade do aire, da auga, o consumo enerxético ou as necesidades de mobilidade. Estes aspectos clave permitirán detectar as posibles interaccións entre as determinacións establecidas polas DOT e as variables de sustentabilidade. Para identificar as relacións entre os aspectos clave e as determinacións incluídas nas DOT, así como para caracterizalas, no ISA confrontáronse todas as determinacións cos aspectos clave susceptibles de sufriren algún efecto.

Por último, faltaría considerar os obxectivos específicos de sustentabilidade para cada unha das variables ou bloques do sistema. Estes obxectivos, adaptándose ás características da realidade galega, responden á integración das tres liñas de acción fundamentais da política territorial da UE: o desenvolvemento dun sistema equilibrado e policéntrico de cidades e unha nova relación entre campo e cidade, a garantía dun acceso igualitario ás infraestruturas e ao coñecemento, a protección da natureza e do patrimonio cultural e ao desenvolvemento sustentable.

A definición das relacións entre as variables ou bloques identificados para o modelo e os obxectivos de sustentabilidade determinados para cada un deles

concreta unha parte fundamental do modelo conceptual do sistema de indicadores.

Seguindo na liña da síntese e da conceptualización, os principios e os obxectivos de sustentabilidade pódense organizar en dous eixos fundamentais: a eficiencia ambiental e a cohesión social, sobre os cales se sustente o avance cara a un modelo territorial sustentable.

Todos os indicadores-tema agrupados nestes bloques permitirán valorar os efectos das determinacións das DOT na ordenación territorial e urbanística, e valorar a eficacia para encamiñar Galicia cara á sociedade da sustentabilidade.

3.2.3. Enquisa de percepción territorial e urbanística.

Establecido no ISA das DOT, outro elemento que se considera complementario é aquel que é capaz de reflectir a percepción da cidadanía sobre a calidade de vida e do medio físico que habita. Para tal fin, propónse a realización dunha enquisa de percepción territorial e urbanística (en diante EPTU), que ten por obxecto incorporar á xestión dinámica do territorio a consideración da percepción territorial da poboación acerca da situación da calidade da vida nas cidades e no rural, así como a valoración acerca das melloras levadas a cabo ou pretendidas polos instrumentos de ordenación do territorio e/ou de urbanismo.

Como aproximación xeral, os aspectos máis significativos que inciden na calidade de vida e que son dependentes da tarefa de ordenación do territorio pódense resumir nos seguintes puntos ou temas:

- Acceso a servizos urbanísticos e dotacións (equipamentos e espazos libres).
 - Proximidade a servizos comerciais.
 - Opcións ou alternativas para a mobilidade obrigada.
 - Calidade ambiental desde o punto de vista do confort e a minimización de problemas para a saúde. Isto pódese traducir na minimización da contaminación de calquera tipo.
- Considerando estes aspectos e os mencionados nas orientacións recollidas nos ISA correspondentes (a-e), a modo de síntese, tense que a EPTU debería conseguir a seguinte información:
- Servizos urbanísticos: existencia ou acceso, calidade e valoración de melloras levadas a cabo ou pretendidas.
 - Dotacións (equipamentos e espazos libres): existencia ou acceso, calidade e valoración de melloras levadas a cabo ou pretendidas.
 - Opcións ou alternativas para a mobilidade obrigada: existencia, calidade.

- Calidade ambiental: problemas identificados e valoración de melloras levadas a cabo ou pretendidas.

- Satisfacción global en atención aos temas anteriores.

- Paisaxe: satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

A maiores dos propostos no ISA das DOT, os órganos definidos neste plan poderán revisar, e mesmo completar, as distintas ferramentas propostas.

3.3. Procedemento do seguimento.

Deséñase unha metodoloxía de traballo que establece tres fases coas distintas funcións dos órganos implicados. O fluxo do traballo que se realizará, consiste en:

- O Instituto de Estudos do Territorio formula as propostas e coordina os GTT.
- Os grupos técnicos de traballo analizan, consensúan e validan as propostas.
- A Comisión de Seguimento aproba o informe de seguimento.

Primeira fase:

O Instituto de Estudos do Territorio formula as propostas para as ferramentas que se empregarán (indicadores e enquisa) no plan de seguimento.

O punto de partida da elaboración das propostas é o plan de seguimento da memoria ambiental do procedemento de avaliación ambiental estratéxica das DOT e o indicado no seu ISA.

Para a formulación das ditas propostas deben seguirse os seguintes criterios:

- Criterios en relación aos indicadores :

Os indicadores que se propoñan cumprirán cunha serie de características básicas:

- Estarán relacionados cos obxectivos de maneira que presenten a evolución da aplicación das DOT cara ás intencións declaradas.
- Serán facilmente medibles e susceptibles de analizar en series temporais.
- Reflectirán a evolución temporal, de xeito que poden analizarse para prever ou corrixir tendencias negativas.
- O seu número será suficientemente reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensible por todos os axentes implicados.
- Estarán facilmente dispoñibles.
- Cada indicador debe mostrar un aspecto concreto do desenvolvemento nalgunha das súas dimensións e permitir tirar conclusións sobre a realidade parcial que describe. Do mesmo xeito, un conxunto de indicadores, como agregado de realidades parciais que coinciden no tempo, terá un potencial rele-

vante para a análise estrutural, como suma de descrições parciais, xa que supón a obtención de información relevante desde perspectivas distintas.

- Os resultados dos distintos indicadores deberán facilitar una lectura en termos de tendencia sobre os aspectos clave da sustentabilidade, co obxectivo, se for o caso, de poder deseñar medidas que permitan reconducir aquelas que non sexan coherentes cos obxectivos estratéxicos das DOT e os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo que as desenvolvan.

– Criterios en relación á enquisa:

No que se refire á enquisa de percepción territorial e urbanística, esta deberá, segundo recolle o ISA das DOT, permitir coñecer a valoración de cuestións territoriais e urbanísticas como a satisfacción xeral da cidadanía e da veciñanza cos niveis de calidade de vida acadados en relación á ordenación territorial; as posibilidades de mellora estrutural e puntual; as melloras percibidas da acción das distintas administracións sobre o territorio en desenvolvemento das determinacións das DOT; a calidade de espazos públicos, dos servizos e a idoneidade do seu dimensionamento e a satisfacción coa paisaxe urbana, rural ou global.

O proceso de deseño da EPTU parte de dúas enquisas, xa existentes, no plan estatístico do órgano con competencias en materia de estatística, que manteñen relación cos obxectivos expostos; trátase de dous cuestionarios empregados polo Instituto Galego de Estatística relativos á enquisa de condicións de vida das familias e á enquisa social: fogares e medio ambiente. En colaboración co órgano con competencias en materia de estatística proporase unha serie de modificacións destes capaces de daren resposta aos obxectivos da EPTU.

Segunda fase:

– Dáse traslado das propostas a cada departamento para o seu coñecemento e análise.

– Procédese a convocar o grupo técnico de traballo correspondente.

Reunido o GTT, estuda a proposta e formula a correspondente conclusión, que pode ser a súa validación ou modificación e incluírá a avaliación dos resultados e, de ser o caso, as posibles medidas de resposta a estes. Desta reunión levantarase unha acta.

Deste xeito, o sistema de indicadores irase actualizando ao longo do tempo de estudo, en función de mellores fontes de información ou coñecementos técnicos implementados.

O IET, vista a proposta dos GTT, redactará un informe de seguimento que se elevará á Comisión de Seguimento.

Terceira fase:

– A Comisión de Seguimento reunirse e aprobará o informe de seguimento.

O conxunto de ferramentas que se definan na primeira anualidade de avaliación será unha primeira proposta que deberá irse completando e modificando en atención aos resultados, ás tendencias mostradas, aos datos de que se dispoña ou aos posibles novos obxectivos, máis concretos, que se tentan acadar.

Por isto, o sistema de seguimento actualizarase periodicamente en función da actualización dos datos que serven de base á formulación dos indicadores (IDI / IST) ou á enquisa de percepción territorial e urbanística.

O seguimento dos resultados destas ferramentas poderá sinalar desviacións non previstas respecto dos obxectivos e os posibles efectos, que fagan preciso implementar medidas correctoras para reconducir cara unha maior sustentabilidade determinadas dinámicas no territorio.

Neste caso, elaboraranse propostas de corrección das tendencias negativas, que avaliarán os grupos de traballo e que a Comisión de Seguimento recomendará incorporar nas actuacións das administracións públicas, co obxecto de serviren de apoio para ao establecemento de estratexias de desenvolvemento acordes cos parámetros de sustentabilidade.

Tanto a definición das ferramentas como os seus resultados ou as recomendacións que, de ser o caso, se formulen, formarán parte do informe periódico de seguimento.

4. Informe do seguimento.

4.1. Formalización do seguimento.

Un dos labores máis importantes da investigación en materia de sustentabilidade é a distribución do coñecemento nesta materia á sociedade, mediante a comunicación entre persoas expertas, políticos/as e público en xeral.

Para isto, é preciso plasmar os traballos realizados pola Comisión de Seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia nun soporte documental que permita coñecer, e mesmo avaliar, os progresos cara a unha sociedade máis sustentable no marco temporal do estudo, dun xeito transparente, cunha vocación de difusión de coñecemento e participación cidadá en todas as súas facetas sociais, científicas e políticas.

Para estes efectos, e cos resultados acadados, o IET elaborará un informe de seguimento, de carácter anual, que será aprobado pola Comisión de Seguimento. Este informe fundamentará a memoria que se debe remitir anualmente ao Parlamento segundo o artigo 11 da Lei 10/1995, do 23 de novembro.

Este informe ten por obxecto dar a coñecer periodicamente información contrastada e relevante, relativa á situación en materia de desenvolvemento sustentable, que permita facer unha prospectiva e así poder manter ou corrixir o rumbo das políticas e actuacións na Comunidade Autónoma de acordo cos obxectivos formulados nas DOT.

Este informe pretende obxectivar os progresos cara a un desenvolvemento sustentable, utilizando os mellores indicadores posibles, así como as ferramentas que mellor mostren a percepción que a cidadanía ten desta evolución, como pode ser a enquisa de percepción territorial e urbanística.

Deste xeito, este coñecemento porase ao dispor tanto dos responsables nas tomas de decisión como para as propostas de técnicos, expertos e investigadores, así como para coñecemento da sociedade.

4.2. Estrutura e contido do informe.

O informe conterá a información precisa do desenvolvemento do Plan de seguimento da sustentabilidade territorial no que se refire ao resultado das ferramentas que o constitúen, así como a memoria do traballo desenvolvido polos órganos implicados (Comisión de Seguimento, grupos técnicos de traballo e o Instituto de Estudos do Territorio).

Incluirá unha avaliación do conxunto dos indicadores analizados e as súas interaccións e deberá proporcionar unha visión integradora dos indicadores analizados e ofrecerase unha comprensión global do estado en que se atopan os aspectos socioeconómicos e ambientais, apuntando unha reflexión sobre as tendencias e perspectivas de futuro arredor do modelo de desenvolvemento.

O informe dará a coñecer os resultados das ferramentas empregadas no Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, de xeito pormenorizado; a definición e valores obtidos dos diferentes indicadores estruturados en función das diferentes estratexias ou obxectivos clave formulados nas DOT e que recollen os grandes marcos estratéxicos e normativos en materia de sustentabilidade vixentes na UE e en España.

Conterá unha análise detallada do total de indicadores estudados e organizados en sete bloques: patrimonio natural, ocupación do territorio, sociedade e economía, patrimonio cultural, mobilidade, metabolismo e paisaxe. Cada un dos indicadores formalizarase nunha ficha individualizada que incluíra os aspectos necesarios para unha correcta definición e congruencia co alcance e escala de aproximación. Así mesmo, o informe conterá un capítulo específico relativo á percepción da cidadanía sobre a situación das variables de sustentabilidade a partir da enquisa de percepción territorial e urbanística.

Así mesmo, o informe fornecerá unha diagnose da situación de partida, que recolla as características máis salientables do territorio de estudo, a metodoloxía empregada, os resultados obtidos dos indicadores formulados e da enquisa de percepción territorial e urbanística, así como unha valoración de todos eles, tendo en conta a súa relevancia e a información fornecida pola interacción entre diferentes variables.

4.3. Publicidade.

A publicidade do Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial parte da premisa da necesidade de pór á

disposición da cidadanía, como destinatario último, todos os datos relativos ao desenvolvemento sustentable de Galicia, e que este sexa o mecanismo primario de interlocución permanente no diálogo e punto de encontro das diferentes informacións e coñecementos que se vaian xerando arredor da sustentabilidade territorial.

Con este obxectivo, porase á dispor unha plataforma de xestión do plan como punto de acceso na rede no cal se descargue toda a información xerada como consecuencia do seguimento do desenvolvemento das DOT, un acceso para consulta, difusión e investigación dos resultados xerados polo modelo de seguimento da sustentabilidade territorial.

A plataforma permitirá a xestión e cálculo da maioría dos indicadores mediante a conexión e actualización automática das fontes de datos, así como a análise e tratamento dos datos. Incluirá un visor xeográfico para análises xeoespaciais en calquera formato, xa sexan mapas, táboas ou gráficos.

Procederáse á divulgación do informe antedito que facilite unha consulta estruturada e global dos resultados.

4.4. Memoria para o Parlamento.

Unha vez que entre en vigor, o decreto polo que se regula o procedemento de seguimento dos obxectivos e determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia, e con carácter anual, remitirase ao Parlamento a memoria prevista no artigo 11 da Lei 10/1995. Esta memoria será elaborada polo Instituto de Estudos do Territorio que, antes da súa remisión ao Parlamento, dará conta á Comisión de Seguimento das DOT creada polo Decreto 156/2012, do 12 de xullo.

Basearase no informe de seguimento e incluíra a relación, definición e resultados dos sistemas de indicadores e das demais ferramentas empregadas no Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial de Galicia.

Ademais, conterá unha introdución ou referencia aos antecedentes, obxectivos e metodoloxía, e un epígrafe final que condensará, de xeito resumido, as conclusións extraíbles dos resultados obtidos, así como dos procesos de traballo e os de divulgación implementados.

Índice de ilustracións

Ilustración 1. Esquema interrelacional entre órganos e procesos	5
Ilustración 2. Esquema interrelacional entre órganos e procesos	5
Ilustración 3. Porcentaxe de superficie no ámbito dun PTI	9
Ilustración 4. Ámbitos dos PTI	9
Ilustración 5. Plans sectoriais aprobados que desenvolven o modelo territorial das DOT ou en elaboración por concellos no ano 2015	10
Ilustración 6. Valores provinciais do número de concellos con algún plan sectorial segundo as determinacións das DOT no ano 2015	11
Ilustración 7. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM en setembro de 2015	11
Ilustración 8. Estado do planeamento municipal en maio de 2013	12
Ilustración 9. Estado do planeamento municipal en setembro de 2015 ...	12
Ilustración 10. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT e en elaboración. Setembro 2015	13
Ilustración 11. Valores provinciais en porcentaxe de PXOMs adaptados ás DOT e en elaboración. Setembro 2015	13
Ilustración 12. Valores provinciais do número de concellos nos que se teñen aprobado planeamento de desenvolvemento adaptados ás DOT (2011-2015)	13
Ilustración 13. Usos do solo. Fonte SIOSE 2011	22
Ilustración 14. Porcentaxe de usos de dinámica natural 2011	22
Ilustración 15. Porcentaxe de vivendas principais, secundarias, baleiras/outras	23
Ilustración 16. Variación das vivendas non principais 2001- 2011	24
Ilustración 17. Superficie terrestre de espazos naturais protexidos por categoría no ano 2013	25
Ilustración 18. Variación dos espazos naturais protexidos. 2012-2013	25
Ilustración 19. Valores provinciais da superficie espazos naturais protexidos en 2013	25
Ilustración 20. Evolución da superficie de interese para a conservación en corredores (2011, 2013)	26
Ilustración 21 Superficie de corredores ecolóxicos (2013)	26

Ilustración 22. Evolución da superficie e número de incendios no período 2011 – 2013	27
Ilustración 23. Evolución do número de BIC	27
Ilustración 24. Variación relativa da poboación no decenio 2003-2013	28
Ilustración 25. Porcentaxe de poboación en ZPP superbaixa (ano 2013) ..	28
Ilustración 26. Crecemento vexetativo no ano 2013	29
Ilustración 27. Valores comarcais máximos do VEB para 12 ramas de actividade (ano 2012)	30
Ilustración 28. Valores provinciais porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por rama de actividade no ano 2013	30
Ilustración 29. Porcentaxe de núcleos con máis do 80% da poboación con acceso a banda larga en 2013	31
Ilustración 30. Número de explotación e de unidades de traballo e ano (UTA)	31
Ilustración 31. Evolución do Réxime de tenencia da terra	31
Ilustración 32. Evolución da superficie de agricultura ecolóxica (GRAEGA)	32
Ilustración 33. Evolución da superficie forestal ordenada 2004 – 2013	32
Ilustración 34. Número e porcentaxe de zonas de baño con cada clasificación sanitaria en Galicia (anos 2011 e 2013)	33
Ilustración 35. Xeración de residuos urbanos en Galicia (anos 2011 e 2013)	33
Ilustración 36. Dotación de puntos limpos en Galicia (2011-2013)	33
Ilustración 37. Intensidade enerxética final e consumo enerxético final en Galicia (2010, 2012)	34
Ilustración 38. Número de persoas que se desprazan habitualmente a traballar ou estudar ⁽¹⁾	34

Índice de táboas

Táboa 1 Grupos técnicos de traballo	5
Táboa 2 Bloques dos IDI da memoria ambiental das DOT	6
Táboa 3 Bloques dos IST e variables das DOT	7